

MAREMAGNUM

publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo

 n° 22 - 2018

EDUCACIÓN E AUTISMO



EDUCACIÓN E AUTISMO

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 22. Ano 2018

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
cjimenez@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Emma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Manuel Ojea Rúa

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Adriana Pazos Ottón

Ilustración portada

Andrés Meixide

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

— GALEGO —

00

EDUCACIÓN E AUTISMO

Editorial

00

A INCLUSIÓN COMO RESPOSTA EDUCATIVA AO ALUMNADO
CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

Manuel Corredoira López

00

TRABALLO EN REDE: A NECESARIA RESPOSTA ASISTENCIAL
Á COMPLEXIDADE DOS TEA

Josep M.^a Brun, Susanna Olives e Núria Aixandri

00

A REDOR DA EDUCACIÓN E O AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas

00

AUTISMO E EDUCACIÓN

Iván Ruiz

00

AUTISMO: MÁIS ALÓ DA EDUCACIÓN

Ana M^a Rodríguez Díaz

00

MODELO EDUCATIVO ASPANAES

Ana M.^a Martínez Díez, Ana Otero Carreiras, Alberto J. Silva López e M.^a Teresa
Tremo Marsal

00

FILLOS DO MAR

Leticia Costas

00

O QUE VIN

María Reimóndez

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

00

EDUCACIÓN Y AUTISMO

Editorial

00

LA INCLUSIÓN COMO RESPUESTA EDUCATIVA AL ALUMNADO
CON TRASTORNO DEL ESPECTRO DEL AUTISMO

Manuel Corredoira López

00

TRABAJO EN RED: LA NECESARIA RESPUESTA ASISTENCIAL
A LA COMPLEJIDAD DE LOS TEA

Josep M^a Brun, Susanna Olives y Núria Aixandri

00

EN TORNO A LA EDUCACIÓN Y EL AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas

00

AUTISMO Y EDUCACIÓN

Iván Ruiz

00

AUTISMO: MÁS ALLÁ DE LA EDUCACIÓN

Ana M^a Rodríguez Díaz

00

MODELO EDUCATIVO ASPANAES

Ana M^a Martínez Díez, Ana Otero Carreiras,
Alberto J. Silva López y M^a Teresa Tiemblo Marsal

00

HIJOS DEL MAR

Ledicia Costas

00

LO QUE VI

María Reimóndez

EDUCACIÓN E AUTISMO

Editorial

Claude Bernard, o mellor fisiólogo da historia, falou co seu aforismo de que «non hai enfermidades senón enfermos». Brun, Olives e Aixandre, responsables da revista *eipea* e autores colaboradores neste número de *Maremagnum*, adoitan empregar o termo «autismos». Solicítáronme, hai algúns meses, que en poucas liñas lles respondese a pregunta: Que define estruturalmente o autismo? A resposta apoieina no aforismo de Bernard: «Non hai autismos senón autistas».

En relación cos límites da estrutura dos autismos, comenteille que foi variando como tamén variou metonimicamente o propio termo ao longo da historia, que ten as súas orixes na demencia (Kraepelin), esquizofrenia (Bleuler), autismo infantil precoz (Kanner), síndrome (Asperger), atraso mental, psicoses, trastorno do desenvolvemento, hándicap e agora espectro. Non houbo límites na denominación nin tampouco os hai na «estrutura». O debate arredor do diagnóstico e do tratamento continuará. Por outra banda, a «singularidade» e a relación co outro impóñense como a mellor definición estrutural, aínda que existan homoloxías de estrutura. Outra cousa son as respostas de atención e tratamento. Iguais para todos ou diferentes para cada caso? Escoitalos e acompañalos, no traballo clínico diario, será a mellor proposta para a persoa con autismo.

O pasado ano 2017, o número 21 de *Maremagnum* foi dedicado ao tema **saúde e autismo**. Consideramos que a saúde era un tema capital para as persoas con autismo, e así foi tratado e desde diferentes ópticas polos autores que interviñeron cos seus artigos na revista. Este número foi presentado en Vigo o día 5 de outubro de 2017, na xornada Saúde e Autismo, realizada ese mesmo día e co mesmo nome.

Despois da experiencia da xornada aludida, dedicar este número a **educación e autismo** parecíanos oportuno pola súa transcendencia como o outro piar básico e fundamental do «estado de benestar» da nosa comunidade.

A **educación** no caso da persoa con autismo antollásenos moi complexa no sentido de como interpreta e/ou imparta. O debate é, e non o podemos negar, intenso porque a propia educación forma parte desas tres profesións imposibles –gobernar, educar e analizar– das que fala Freud (1925), e ás que Lacan engade a de facer, desexar. Porén, o educador ten que ir ao encontro dese imposible a través da invención, acompañando a persoa con autismo e facendo dos impases que se presenten a panca que axude a relanzar o desexo. O mestre atópase diante do desafío de trazar, cada día, un novo camiño dese imposible de educar. Para que naza un «si» ao saber, para que haxa unha adhesión real da persoa con autismo que aprende. O educador debe intentar entrar na lingua do alumno, a lingua «que se di» en palabras, pero tamén en xestos e no paso ao acto (*acting out*).

En cada un dos artigos que hoxe presentamos na revista *Maremagum* hai, por así dicilo, un criterio transversal dos autores que dá corpo ao máis significativo das persoas con trastorno do espectro do autismo: a súa **singularidade**.

Manuel Corredoira no seu artigo fai referencia á Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade (2006, artigo 24), o Decreto 1/2013, a Declaración de Incheon (2015), a LOE (2006) e a LOMCE (2013). Non se cuestiona o dereito á educación nin a calidade, gratuidade, igualdade de oportunidades, inclusión social... que aparecen en case todos os decretos, convencións ou declaracións.

A escola inclusiva –comenta– implicaría asumir o establecemento de novas prácticas profesionais curriculares, organizativas e estruturais que respondan ás características singulares do alumnado, que desde os anos 2011 e 2012 promove a Conselleira de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos Contratos-Programa, Plan Proxecta, as aulas inclusivas igualitarias (aulas I+I), así como a Rede de orientación educativa ROEGAL ou o Departamento de Orientación (EOE), que asesoran os centros, familias e a Administración educativa na asignación de recursos e na toma de decisión, con criterios técnicos plurais e consensuados, cara á escolarización ordinaria, combinada ou en unidades ou centros de educación especial, contando con protocolos para a atención á diversidade e a inclusión para os TEA como ferramenta de uso para os profesionais do ensino, familias, e a formación do profesorado, como elemento clave na inclusión educativa e de forma permanente.

O Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos da Consellería están orientados cara á formación en igualdade, convivencia e inclusión, e nos TEA a accesibilidade cognitiva, eliminación de barreiras e a comunicación alternativa apoiada polas TIC. Resaltar a EduDixital

2020 dirixida a actividades STEM, o préstamo da maleta de atención á diversidade Inclusión Educativa ou as bibliotecas inclusivas a través do Plan LIA, para a atención a diversidade desde a biblioteca escolar.

Galicia sería a comunidade con maior número de alumnado con NNEE escolarizado en centros ordinarios (máis do 90 % acorde co MECED), o que supón o sistema educativo máis equitativo do mundo, acorde co informe PISA.

Josep M.^a Brun, Susanna Olives e Nuria Aixandre fálannos do traballo en rede cando se trata de atender os nenos con TEA. A complexidade dos TEA supón que as opcións educativas que dean a mellor resposta ás súas necesidades poden ser moi diversas. Se á súa atención educativa lle engadimos o tratamento e a atención terapéutica e asistencial que reciben por parte dos servizos públicos ou privados, o traballo en rede faise imprescindible.

Á pregunta sobre cal é a mellor escolarización para os TEA, os autores responden: «Non hai unha resposta única, como non hai dous nenos idénticos. A mellor escolarización estará en función de cada neno, do seu momento evolutivo, contorna familiar e dos propios recursos escolares. Unha escolarización combinada pode ser moi positiva e formar parte do tratamento psicopedagóxico».

«A escola non debe ser a única e principal responsable do desenvolvemento destes nenos. Hoxe temos unha oferta máis ampla da tradicional dicotomía escola ordinaria/escola especial, xeneralista ou específica. A escolarización compartida e a escolarización ordinaria cun SIEI facilitan atopar unha máis extensa e variada oferta para estes nenos. A integración á inversa (Theo Peeters, 2008) sería empezar a escolarización nun contorno moi adaptado e desde aí avanzar lentamente cara á inclusión. É o sistema empregado polo Centre Carrilet de Barcelona. Os seus alumnos inician unha escolarización compartida cando o neno pode mostrar unha certa capacidade de observación e mostrar desexo polos demais. As axudas a cuidadores, titores, mestres e educadores na comprensión destes alumnos faise moi necesaria. É importante o traballo en rede entre servizos: educativos, sanitarios ou sociais. O traballo en rede non supón un modelo único porque é unha tarefa en función de cada caso».

Para Cipriano Jiménez, «non todo é, nin pode ser, educable e pon o debate na seguinte interrogante: precísase dunha mesma resposta para todos os autismos ou, polo contrario, de respostas diferentes, adaptadas para cada caso? O educador, mais ca un mestre do saber, é ante todo un mestre do desexo. Se a educación pretende regulalo todo, vólvese imposible». O autor continúa: «A proposta pedagóxica pola escola inclusiva, que xorde denunciando a escola especial, pode provocar desafección nos nenos e adolescentes, que non poden adaptarse a unha normativa que dificilmente inclúe a súa singularidade. A escola seguirá tendo sentido en canto continúe recoñecendo o límite do saber

e o non saber. Ningún saber é inútil, só é inútil a ignorancia. A inclusión educativa pode provocar a aparición no mesmo interior dos centros educativos de fenómenos de exclusión, e a aparición de angustia nos profesionais, que se volve correlativa á súa falta de formación».

Iván Ruiz comenta: «As institucións que se orientan pola psicanálise propoñenlle á persoa con autismo que a abordaxe terapéutica deixe o puramente educativo nun segundo plano para facer posible que xurda o suxeito, isto é, a súa relación coa linguaxe, co propio corpo, cos obxectos e cos outros».

«Se a psicoloxía dos protocolos para todos –continúa– invade o terreo dos mestres, que lugar lle vai quedar para o saber dos mestres? A topoloxía do autista presenta un dentro e un fóra, polo que todo o que entra pode tamén saír. É o que sucede cos alimentos. Para o autista que non subjectivou o corpo prodúcense dificultades para que o alimento entre pero, sobre todo, para que saia, pois implica unha separación dunha parte corporal que, vivido así, non é tan soportable. Esta actividade corporal está separada tamén da satisfacción que levaría o suxeito a facer participar o outro que está con el. De que modo está implicada a educación con todo isto? Para o autista, a intención educativa, que sempre provén do outro, precisa dunha relación co propio corpo que debeu producirse xa. Os métodos educativos non deben estar por riba do suxeito, non debemos esperar a que o suxeito acepte o método e non á inversa, polo que nos atopamos coa angustia do suxeito e a actuación do seu rexeitamento. Se os resultados da reeducación teñen éxito, isto supón un éxito do método, pero se a resposta é de rexeitamento, oposición a esta ou insumisión, o problema teno o autista».

«Unha escola para todos –remata– leva implícito incluír as persoas autistas nese lugar común. Pero como incluír un suxeito que non quere incluírse? Estamos nun momento en que canto máis aperta o discurso da inclusión e da normalización máis casos de non incluídos vemos aparecer e máis situacións de urxencia se xeran».

Ana Rodríguez, membro do equipo educativo do Colexio Menela-Fundación Menela, manifesta que: «A educación máis efectiva para os nenos con TEA ten que ver coa flexibilidade e as habilidades dos educadores en adaptarse ás necesidades de cada neno con TEA. Cuestionamos –comenta– a inclusión educativa actual. É posible traballar a inclusión no seu sentido máis amplo (educativo, social ou cultural) desde un centro de EE, onde moitos nenos e adolescentes gozan dunha calidade de atención educativa e calidade de vida que dificilmente atoparían noutras contornas. Unha persoa con TEA e grandes necesidades de apoio pode estar máis segregada no contorno ordinario, por carecer a súa educación do equilibrio necesario entre os seus tres grandes piares: presenza, participación e desenvolvemento. O alumnado con TEA e

grandes necesidades de apoio, escolarizado nun colexio ordinario ou nun centro específico, é parte dun único sistema educativo: un sistema que debe potenciar espazos e relacións educativos ricos en experiencias e desenvolvemento persoal e social, no que cada un poida desenvolver as súas potencialidades cara a unha maior calidade de vida».

«No campo da educación estamos asistindo a un proceso profundo de transformación da cultura e da práctica para poñer no centro a persoa con autismo e o seu proxecto de vida. O modelo de calidade de vida busca a felicidade presente e futura de cada alumno e pon o acento, por exemplo, en áreas ou habilidades como a autodeterminación, as relacións sociais e a comunicación. A escolarización en EE será unha opción válida e axustada cando nos centros ordinarios non sexa posible ofrecer unha educación inclusiva pola falta de medios e preparación dos educadores fronte á singularidade da persoa con autismo. Non existe o mellor lugar. Todos poden ser un bo ou un mal lugar, porque traballar na educación con nenos con autismo non é nada fácil».

Ana M.^a Martínez Diez, Ana Otero Carreira, Alberto J. Silva López e M.^a Teresa Tiemblo Marsal da asociación ASPANAES dannos conta e propóñennos unha ensinanza especializada e específica enmarcada nos obxectivos estratéxicos para a educación e formación 2020 da Estratexia europea: «Mellorar a calidade e a eficacia na formación e promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa para que o alumnado con necesidades educativas especiais poida fomentar o seu desenvolvemento persoal nun marco educativo flexible e permeable como sistema de aprendizaxe, xa que é personalizado e onde a intervención en idade temperá é fundamental. Poñen o acento en que cada persoa con autismo é diferente, o que dá lugar a ofrecer unha educación individualizada en función das necesidades e capacidades que a súa singularidade establece. Os servizos que ASPANAES desenvolve establecen: a coordinación educativa con asesoramento a centros educativos que teñan alumnos con autismo; promoción da autonomía persoal; unidades de atención temperá con persoas experimentadas e formación en TEA; centros adaptados ás necesidades das persoas con TEA e organizados; desenvolvemento das capacidades das persoas con TEA; promoción da escolaridade combinada; prácticas e tratamentos contrastados en todos os servizos; programas individualizados para cada usuario ou a colaboración coas familias».

Como é habitual en *Maremagnum*, fanse imprescindibles no eido cultural as colaboracións literarias, que neste número da revista lle foron solicitadas a dúas escritoras novas, **Ledicia Costas** e **María Reimóndez**, cunha proxección de futuro incuestionable.

Ledicia Costas é unha escritora galega versátil que transita os máis diversos temas, estilos e xéneros. Gañadora de diversos premios literarios, tanto de relato coma de poesía, foi Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura e Premio ao mellor libro do ano na categoría infantil e xuvenil, na II Gala do Libro Galego. As mellores historias –comenta Ledicia Costas– son as que se escriben coa cabeza pero, sobre todo, co corazón. Neste número de *Maremagnum* agasállanos co fermosísimo relato «Fillos do mar».

María Reimóndez é tradutora, intérprete e escritora. Premios: Johan Carballeira, Mulleres Progresistas de Vigo, Novela por Entregas de La Voz, Merlín de Literatura Infantil, Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura, I Premio Torres de Investigación, Plácido Castro de tradución. Posúe unha longa carreira como tradutora literaria, sobre todo de literatura infantil, con máis de doce títulos traducidos. Impresionante o seu relato para *Maremagnum*: «O que vin».

A portada deste número de *Maremagnum* é de Andres Meixide. A súa obra está publicada en diversas editoriais: Xerais, Galaxia, Everest, Elkar, Bahía, entre outras. Premio Internacional White Ravens, traballou para TVE Internacional ou FEVE, foi director de arte da publicación anual *Galicia Selecta* como mellor publicación pola AEEPP; tres anos finalista ao Premio Internacional de Deseño Francisco Mantecón; Premio Fervenzas Literarias. O seu traballo máis recoñecido é «Thom», tira de humor diaria publicada no xornal *La Voz de Galicia* desde o ano 2007.

Grazas a todos e todas.

Cipriano Luis Jiménez Casas

Director de *Maremagnum*

A INCLUSIÓN COMO RESPONSA EDUCATIVA AO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

Manuel Corredoira López¹

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESUMO

A inclusión como principio de atención á diversidade fundaméntase no deseño para todas e todos e a accesibilidade universal como eixes tractores da organización educativa na nosa comunidade. Desde esta perspectiva, a diversidade é un elemento de enriquecemento social que sustenta os valores democráticos europeos sobre os que construír unha cidadanía activa, responsable e libre. Traballar por unha escola inclusiva é traballar por unha sociedade inclusiva achegando os recursos organizativos, materiais e humanos para garantir que todo o alumnado (incluído aquel con TEA) desenvolve ao máximo o seu proxecto vital (profesional e persoal). Unha resposta sistémica, integral e equitativa.

¹ O autor é enxeñeiro industrial pola Universidade Politécnica de Cataluña e licenciado en Dereito pola UDC. Diploma de directivo da Xunta de Galicia. Actualmente director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia). Enxeñeiro industrial entre 1979 e 1984 (sector privado). Desde 1984 é funcionario do corpo de profesores de ensinanza secundaria na especialidade de formación profesional de Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos (actualmente en excedencia) e desde o ano 2005 forma parte do corpo de inspectores de educación. Entre os anos 1993 e 1997, xefe de estudos do IFP Someso da Coruña e en 1997 foi asesor técnico docente na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Subdirector de Formación Profesional e de Educación de Adultos da Consellería de Educación e O. U. de 1998 a 2000; subdirector xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte entre os anos 2000 e 2004 e subdirector xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria entre 2009 e 2012. Desde o 15 de xuño de 2012 é responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Introdución

Sistemas educativos de todo o mundo véñense achegando ao enorme reto de lles ofrecer a todos os nenos, nenas, mozos e mozas unha educación de calidade. Nas últimas décadas e en diferentes foros, conferencias, declaracións e recomendacións internacionais, afirmase que o paradigma educativo para conseguir unha educación de calidade, máis xusta e equitativa, é o da inclusión educativa.

Mesmo a comunidade internacional outorgou o carácter de dereito a esta aspiración a unha educación inclusiva para todas e todos. A Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, de 2006, dedica o seu artigo 24 ao dereito á educación desde unha perspectiva de dereitos humanos, de acordo co modelo ecolóxico da discapacidade e de acordo cos seus principios xerais: respecto, non discriminación, participación e inclusión, igualdade de oportunidades.

Nela establécese que os Estados parte asegurarán que as persoas con discapacidade non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade, que poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, que se fagan os axustes razoables en función das necesidades individuais e se lles faciliten medidas de apoio personalizadas e efectivas en contornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión.

No contexto español, o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece que «as persoas con discapacidade teñen dereito a unha educación inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais».

A Declaración de Incheon, dentro do Foro Mundial sobre a Educación de 2015, presenta unha nova visión da educación para os próximos 15 anos, **Educación 2030**. Nesa declaración, no marco de acción para a realización do Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable 4 (Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas e todos), os asinantes acordaron:

A inclusión e a equidade na educación, e a través dela, son a pedra angular dunha axenda da educación transformadora e, por conseguinte, comprometémonos a facer fronte a todas as formas de exclusión e marxinación, as disparidades e as desigualdades no acceso, a participación e os resultados de aprendizaxe. Ningunha meta educativa debería considerarse lograda a menos que se lograra para todos. Polo

tanto, comprometémonos a realizar os cambios necesarios nas políticas de educación e a centrar os nosos esforzos nos máis desfavorecidos, especialmente aqueles con discapacidade, para velar por que ninguén quede atrás.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece os principios de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias, e o de equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade. A través da sección cuarta, esta lei favorece a educación inclusiva promovendo tanto a autonomía dos centros á hora de adaptar a normativa ás características do seu contorno e da poboación á que atenden coma a flexibilidade do sistema nos aspectos pedagóxicos, organizativos etc.

Pensar nunha escola inclusiva implica asumir o desafío dunha educación equitativa e de calidade para todo o alumnado e, consecuentemente, establecer novas prácticas profesionais, curriculares, organizativas e estruturais que respondan de maneira axustada ás características particulares do alumnado.

E o camiño cara a unha escola inclusiva debe percorrerse co compromiso de todas e de todos, porque escola inclusiva e sociedade inclusiva son realidades indisolubles que non poden entenderse de xeito illado. A educación é unha tarefa de todas e de todos.

Neste contexto, internacional e nacional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén impulsando proxectos, plans e accións encamiñadas a reducir as barreiras que impiden ou dificultan o acceso, a participación e a aprendizaxe do alumnado, prestando especial atención a aquel máis vulnerable ou desfavorecido, a aquel que está máis exposto a situacións de exclusión e máis necesitado dunha educación de calidade que responda ás súas necesidades. Tal é o caso do alumnado con trastorno do espectro do autismo.

Coa publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, preténdese facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na lei, e entendendo por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como

finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Refórzase así a idea de que todo o alumnado é diverso e que esta diversidade ofrece valor ao proceso educativo.

Convenios de colaboración coas entidades que atenden á diversidade do alumnado

A partir da publicación do Decreto 229/2011, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a promover a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

Na actualidade están subscritos numerosos convenios (máis de vinte) dos que destacamos os asinados coa Asociación BATA (Baión, Asociación para o Tratamento do Autismo), coa Fundación Menela (Vigo), coa Asociación Aspanaes (A Coruña), coa Asociación Raiolas (Lugo), coa Federación Autismo Galicia (Santiago de Compostela) e coa Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo (TEAVi) para a atención ao alumnado con trastorno de espectro autista (TEA).

Os datos obtidos a través das comisión de seguimento destes convenios e os recibidos directamente das entidades con convenio e dos propios centros indican que se está no bo camiño: prodúcese unha maior apertura dos centros á comunidade, mellórase a coordinación entre os sectores implicados, apróveitanse e compártense coñecemento e recursos, en definitiva, xéranse sinerxías en beneficio do alumnado e de toda a comunidade educativa, e todo iso nun marco de maior seguridade xurídica.

Contratos Programa e Plan Proxecta

Desde o curso 2011/12 a citada Consellería publica anualmente unha convocatoria para promover o desenvolvemento nos centros docentes de plans para a mellora do éxito escolar do alumnado. Son os denominados Contratos Programa.

Con esta iniciativa de Contratos Programa trátase de ofrecer un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia matemática, mellorar a

convivencia, afondar no logro da excelencia educativa, reducir as taxas de abandono escolar temperán, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación. En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia. Entre os obxectivos que persegue está o de favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social.

Outra iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con diferentes organismos, é o Plan Proxecta. Vai dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos que se inclúe a educación en valores. Dentro dos programas que ofrece está o de Aulas I+I (aulas inclusivas e igualitarias). O seu obxectivo é sensibilizar a comunidade educativa da necesidade de afondar nas estratexias que favorezan a inclusión das persoas con diversidade funcional nas aulas xa que, aínda que a inclusión é unha realidade integrada nas aulas, resulta necesario desenvolver estratexias para levala á práctica dun xeito efectivo e identificar cales delas son as mellores para favorecela.

Recursos para a atención á diversidade e a inclusión. Rede de orientación educativa de Galicia (Roegal)

Para garantir a igualdade de oportunidades, que non a igualdade de recursos; isto é, garantir a equidade e favorecer a inclusión educativa do alumnado, na nosa comunidade autónoma contamos cun sistema de provisión de recursos humanos, técnicos e financeiros. Proporcionánselle ao alumnado os recursos educativos materiais que precisa en función do informe elaborado polo departamento de orientación do seu centro e/ou do equipo de orientación específico; recursos que son facilitados pola Administración educativa e que poden ser utilizados polo alumnado dentro e fóra do centro educativo para a realización da súa actividade formativa.

En canto aos recursos humanos para a atención á diversidade e inclusión e considerando, como xa indicamos, que a inclusión é cousa de todas e de todos e todo o profesorado debe estar implicado, dispónse no sistema educativo galego doutros recursos humanos máis especializados para dar unha resposta educativa axeitada a cada alumno ou alumna. Trátase de profesorado de apoio en educación infantil, primaria e secundaria, profesorado de pedagogía terapéutica, profesorado de audición e linguaxe, intérpretes de linguaxe de signos, profesorado en convenio coa ONCE, auxiliares técnicos educativos

(coidadores)... Mais cando estamos a falar de atención á diversidade e inclusión non podemos esquecer a Rede de orientación educativa de Galicia (Roegal) polas importantes tarefas que ten encomendadas neste ámbito.

Todos os centros educativos públicos de Galicia están atendidos por un departamento de orientación e o labor destes departamentos de orientación vese reforzado polo traballo de catro equipos de orientación específica de ámbito provincial, que aglutinan a 28 profesionais: especialistas en TEA, trastorno de conduta, discapacidades motoras, discapacidades sensoriais etc, que asesoran tanto aos centros coma ás familias e á Administración educativa na asignación de recursos e na toma de decisións, de modo que estas sempre respondan a un criterio técnico e plural de calidade consensuado. Son tamén os encargados de contrastar a pertinencia dos cambios na modalidade de escolarización (ordinaria, combinada ou en unidade ou centro de educación especial) e de verificar coa familia cal é a decisión informada pola que optan, que se reflicte sempre por escrito e de modo indubitado como requisito indispensable a calquera resolución de escolarización diferente da ordinaria.

Protocolos para a atención á diversidade e á inclusión

Como se ten indicado, a atención á diversidade nunha escola inclusiva pon en valor a individualización do proceso de ensino-aprendizaxe, que debe adaptarse ás distintas realidades das alumnas e dos alumnos do sistema educativo: ás súas potencialidades, ao seu desenvolvemento, aos seus ritmos, aos seus estilos e ás súas particulares formas de ser e de aprender. Por iso, ademais de recursos e de formación do profesorado, é necesario dotar de ferramentas a comunidade educativa en xeral, e especialmente os profesionais que interveñen co alumnado, para facilitar unha intervención educativa axeitada e coordinada. Con ese obxectivo e contando coa participación de expertos e coa colaboración de entidades que traballan no ámbito da inclusión, estanse a elaborar protocolos para a atención educativa da diversidade.

Tal é o caso do protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA) que se converte nunha ferramenta de uso para profesionais do ensino e para as familias, establecendo o camiño que se debe seguir desde a aparición dos primeiros indicios e procurando, tamén, orientar a intervención educativa que deben realizar todas as persoas que participan na educación dese alumnado.

A este protocolo súmanselle moitos outros desde a atención á diversidade ou desde a Estratexia galega de convivencia (educonvives.gal). Os protocolos e orientacións elaborados afectan ás comunidades educativas como un todo e supoñen pautas para a xestión desde unha cultura organizativa de centro que

favoreza a diversidade, a celebre como un factor de calidade e afronte os conflitos como oportunidade de reflexión, mellora e crecemento.

Están á disposición da comunidade educativa no portal educativo da Consellería.

A formación do profesorado, un elemento clave na inclusión educativa

Malia ser certo que nunha resposta educativa inclusiva é necesaria e importante a participación de toda a sociedade, tamén é comunmente aceptado que o papel que xoga o profesorado é fundamental. Por iso desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se está a traballar en colaboración coas universidades galegas na mellora das competencias profesionais docentes para acadar unha formación dos futuros profesionais acordos coas necesidades da educación do século XXI, actuando na formación inicial do profesorado e, paralelamente, facendo unha importante aposta pola formación permanente do profesorado a través das estruturas de formación da Consellería ou en colaboración con outras entidades e institucións. Nesta formación permanente estableceuse como liña prioritaria a atención á diversidade e a inclusión educativa.

Así, unha maioría dos centros educativos que contan cun plan propio de formación permanente do profesorado no centro (case 700 neste curso 2017/18) ten entre as súas liñas de traballo algunha dedicada ao deseño universal, a atención á diversidade, a igualdade e a convivencia. Todos estes plans de centro poden contar con escolas de nais e pais ao abeiro da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e son cada vez máis os centros que organizan actividades de información, formación e participación das familias nos proxectos de centro, entendendo que a aprendizaxe e o desenvolvemento do alumnado na escola é unha tarefa de todas e todos, na que todos suman e ninguén sobra.

Entendendo, como o fai a citada Lei 4/2011, que a participación e a convivencia son elementos clave na consecución dos obxectivos sociais e educativos e no desenvolvemento das competencias clave do alumnado, a formación en igualdade, convivencia e inclusión trátase de modo conxunto e integrado. Deste xeito prevéñense fenómenos de dobre discriminación (asenas con TEA, por exemplo, tenden a ser dobremente invisibilizadas e dobremente vitimizadas). Así, este ano púxose por primeira vez en marcha un Módulo 0 de Igualdade, Convivencia e Inclusión de 20 horas de duración que ten carácter básico e preceptivo en todas as actividades de formación do profesorado en centros. O seu obxectivo é coñecer e entender os devanditos protocolos mediante a reflexión sobre a súa aplicación no propio centro. Máis dun terzo dos docentes galegos realizou xa esta formación.

De xeito complementario, desde o Centro Autonómico de Formación e Innovación e desde os centros de formación e recursos da Consellería, realízanse numerosos cursos de formación tanto con temáticas xerais en igualdade, convivencia e inclusión coma noutras específicas. No caso particular do TEA, a Consellería vén realizando nos últimos anos un intenso labor formativo na accesibilidade cognitiva, a eliminación de barreiras de comunicación e a implantación e mantemento da comunicación aumentativa e alternativa, apoiada tamén nas TIC e, en particular, en tecnoloxías móbiles.

Sempre que resulta posible esta formación é aberta a profesorado e familias, no convencemento de que é o único modo de xuntar esforzos e avanzar xuntos cara aos obxectivos de inclusión plena que nos marcamos como sistema educativo.

Ademais, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha o préstamo da maleta de atención á diversidade **Inclusión Educativa**. Trátase dun recurso bibliográfico formado por libros de lectura para o alumnado (de infantil, primaria e secundaria) e máis para o profesorado. A súa finalidade é fornecerlles aos centros un recurso que poida contribuír a traballar sobre a inclusión, convivencia e igualdade. As maletas pódense solicitar en préstamo na Rede de formación do profesorado (CAFI e os seis CFR de Galicia).

A resposta á diversidade no ámbito da ciencia e da tecnoloxía

A Estratexia galega de educación dixital 2020, EduDixital 2020, fundaméntase no principio básico da eliminación total da fenda de accesibilidade e, polo tanto, formúlase, articúlase e desenvólvese con base nos principios xerais do deseño universal. Desde esta perspectiva favorécese o acceso de todo tipo de alumnado a actividades STEM e dixitais, a elaboración de materiais e recursos flexibles e adaptables, que permitan a súa utilización e optimización desde calquera tipo de diversidade, incluída a diversidade funcional.

No caso particular das TIC como apoio no TEA, a Consellería tira partido da privilexiada situación de Galicia en canto a proxectos de deseño e desenvolvemento de recursos TIC conxuntamente coas entidades e asociacións, así como coas universidades galegas, de xeito que se traballa a prol da coherencia máxima entre os recursos utilizados nas aulas e no resto de contornos sociais.

Bibliotecas inclusivas

O modelo de biblioteca que se foi estendendo nestes últimos anos leva implícito o concepto de inclusión. Desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estase a impulsar a biblioteca inclusiva, unha biblioteca que elimine as barreiras entre as persoas e os recursos culturais. Igualmente, promóvese unha sinalización da biblioteca escolar que facilite a comprensión por parte de todo o alumnado, recolléndose en todas as convocatorias e iniciativas integradas no Plan LÍA a necesidade dunha correcta atención á diversidade desde a biblioteca escolar. Tamén hai que destacar que se puxeron en marcha iniciativas co enfoque de «lectura fácil» destinadas a facilitar a lectura a grupos de alumnado que precisa de medidas de accesibilidade cognitiva.

Currículos flexibles

O artigo 1.e) da LOE dispón, como un dos principios que inspiran esa norma, «A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade».

Nese sentido, tanto os decretos de currículo –Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia– coma outra normativa anterior inclúen diversas medidas que teñen como finalidade flexibilizar o currículo para adaptalo á realidade de cada unha das alumnas e dos alumnos.

Proxectos de futuro inmediato para avanzar na inclusión educativa

Desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estase a traballar en novos proxectos para seguir avanzando no proceso que supón a inclusión:

- Unha nova materia de libre configuración autonómica baixo o nome de Sociedade Inclusiva, para primeiro e segundo da ESO.
- Un protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva e outro para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Elaboración de unidades didácticas sobre: metodoloxías inclusivas, patios activos e inclusivos, programas de axuda e mellora da convivencia, o pobo xitano.

Pois ben, todos estes e outros plans, accións e medidas que se están a desenvolver e a impulsar, que son importantes e necesarios, non fan máis que indicar que a inclusión é un proceso de intervención educativa que nunca se pode dar por acabado.

Entendemos que estamos a traballar no camiño axeitado. Os indicadores nacionais ou internacionais independentes testemuñan que Galicia é a comunidade con maior número de alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios (máis do 90 % segundo o MECD), o que, xunto co resto de medidas expostas, fan de Galicia o sistema educativo máis equitativo do mundo segundo o último informe PISA.

Evidentemente, isto non pode servirnos para caer na autocompracencia. Non se trata dun obxectivo acadado senón dun camiño para percorrer como sociedade, como comunidade educativa. Dicía Séneca que «ningún vento é favorable para aquel que non sabe onde vai». As evidencias amosan que sabemos onde imos e o rumbo é o correcto. Orientar as velas e vogar arreo depende de todas e todos.

O dereito á educación é un dereito da persoa; dereito que se satisfai plenamente cando esa educación se leva a cabo en total inclusión. E cando se trata do alumnado con trastorno do espectro do autismo, esa inclusión faise máis necesaria.

Por iso a gratitude á dirección de MAREMAGNUM (publicación galega sobre os trastornos do espectro autista) pola súa contribución ao proceso de inclusión educativa e por permitir a difusión deste traballo que non é desta Consellería senón do conxunto da sociedade galega.

TRABALLO EN REDE: A NECESARIA RESPONSTA ASISTENCIAL Á COMPLEXIDADE DOS TEA

Josep M.^a Brun¹, Susanna Olives² e Núria Aixandri³

RESUMO

O presente artigo trata sobre a necesidade e a importancia do traballo en rede cando se trata de atender a nenos con TEA. Consta dunha primeira parte teórica que exemplificamos a continuación con algúns casos prácticos. O TEA é un trastorno complexo e na nosa contorna as opcións educativas que dan resposta ás súas necesidades poden ser moi diversas. Se á súa atención educativa engadimos o tratamento e a atención terapéutica e asistencial que reciben por parte doutros servizos públicos e privados, o traballo en rede parece imprescindible.

PALABRAS CLAVE: TEA, traballo en rede, escolarización, asesoramento, formación, familia.

1 O autor é psicólogo clínico (UAB, 1980) e psicoterapeuta. Director da revista dixital *eipea* sobre o mundo dos autismos desde o ano 2016, fundada e editada con Susanna Olives e Núria Aixandri. Psicólogo clínico da Escola Viver Castell de Sant Foix en Santa Maria de Martorelles, do concello de Barcelona, desde o ano 2013. Presidente da asociación a.CAF (autismos, Centro de Asesoramento e Formación), Barcelona/Sabadell. Supervisor e asesor en diversos CDIAP, CSMIJ, escolas especiais, centros de primaria e secundaria e garderías.

Creador e director do Programa AGIRA (asesoramento global a nenos en risco de autismo) na atención precoz, nos CDIAP Granollers e Caldes de Montbui (2007-2015), con Rafael Villanueva. Director das newsletters do Programa AGIRA e responsable de contidos dos números 1, 3 e 4 (2013-2014). Psicólogo (2005-2007) e colaborador asociado (2007-2015) do CDIAP Granollers. Coordinador e docente do Máster en Trastornos Autistas (ISEP, Barcelona 2013-2015) e do Posgrao en Trastornos Autistas (ISEP, Barcelona 2007-2013). Psicoterapeuta (1980-2007) e director (1995-2000) do Centre Terapèutic Bellaire, dedicado á atención e coidado de nenas e nenos autistas e psicóticos. Coautor con Rafael Villanueva do libro *Nenos con autismo. Experiencia e experiencias* (Ed. Promolibro, Valencia: 2004). Capítulos en libros, artigos en revistas (*Revista de Psicopatología y Salud Mental del Niño y del Adolescente*, *Cuadernos de Psiquiatría y Psicoterapia del Niño y del Adolescente*, *Revista de l'Associació catalana d'Atenció Precoç*, *Revista eipea*...). brunjosepm@gmail.com

Introducción

Se observásemos as características dun neno¹ con autismo e as considerásemos desde o prisma das aprendizaxes, poderíamos acabar concluíndo que os nenos con TEA son, cando menos, de difícil inclusión nelas tal e como están comunmente regradas. Imaxinemos, dentro da contorna escolar, por exemplo, as dificultades de relación e comunicación, o receo aos cambios e novidades, a dificultade de espera, a baixa tolerancia á frustración, a dificultade para simbolizar e imaxinar, para deixarse axudar, para compartir, os intereses restrinxidos, a posible linguaxe literal, o apego á forma que pode acabar converténdose en perfeccionismo obsesivo, as respostas retardadas ou a descontinuidade.

Paradoxalmente, noutros contextos só se ven estes nenos como educables, incapaces de modificar as súas estruturas psíquicas. Pénsase neles desde a invarianza do trastorno (convencidos e atrapados por dous costados: pola suposta predeterminación xenética e polo inmovilismo da patoloxía autística). En casos extremos, a aprendizaxe case se acaba confundindo cun adestramento, a partir da almacenaxe de hábitos e rutinas. Vemos como eses nenos robotizados engaden á súa estrutura inflexible o noso ensino, de igual maneira agarrotado.

Non obstante, son nenos en idade escolar, co dereito e a necesidade de aprender. Ou, digámolo ben: a necesidade de que lles axudemos a que aprecien, os motive e lles produza satisfacción aprender cousas e coñecer o mundo que os rodea. Cal é a mellor escolarización para eles? A dificultade en contestar

- 2 A autora é psicóloga sanitaria (UAB, 2003) e psicoterapeuta. Posgrao en Atención Precoz (ISEP, 2005) e Posgrao en Trastornos do Espectro Autista (ISEP, 2010). Diplomada en Criminoloxía e Política Criminal (Universitat de Barcelona, 2002). Psicóloga no CDIAP Granollers (2010-2013 e 2018 en diante). Psicóloga no CDIAP MAGROC de Terrassa (2014-2017). Membro colaborador do grupo AGIRA 2.0, dedicado ao estudo e elaboración de proxectos do Programa AGIRA na atención precoz, nos CDIAP Granollers e CDIAP Caldes (2012-2015). Responsable de contidos das newsletters números 3 e 4 do Programa AGIRA (2014). Psicóloga infantil e asesora (2006-2010) e coordinadora (2009-2010) en centro privado. Actualmente, tamén consulta privada. Artigos en revistas. suolives@gmail.com
- 3 A autora é psicóloga (UAB, 2008). Posgrao en Atención Precoz (ISEP, 2009), Máster en Trastornos do Espectro Autista (ISEP, 2016) e Máster en Psicoterapia Psicoanalítica (ACPP, 2016). Editora da revista dixital *eipea* sobre o mundo dos autismos desde o ano 2016, fundada e editada con Josep M.^a Brun e Susanna Olives. Psicóloga no CDIAP Granollers (desde o ano 2013). Anteriormente, psicóloga no CDIAP Spai Tr3s (Parets do Vallès, 2014-2015). Membro do equipo de persoal terapéutico de soporte en domicilio do Programa AGIRA no CDIAP Granollers (2009-2013). Membro colaborador do grupo AGIRA 2.0, dedicado á procura e elaboración de proxectos do Programa AGIRA na atención precoz, nos CDIAP Granollers e CDIAP Caldes (2012-2015). Educadora e titora na Escola d'Educació Especial Montserrat Montero de Granollers (2009-2011). Artigos en revistas. maixandre@gmail.com

¹ Utilizaremos o xenérico masculino para referirnos a nenas e nenos.

radica en que non hai unha resposta única, como non hai dous nenos idénticos. Atopamos unha resposta diferente para cada neno e para cada momento da súa evolución. É unha conclusión que nos obriga a mirar o neno e a súa situación de maneira individualizada e continuada, sen apriorismos nin inercias. A mellor escolarización estará en función de cada neno, do seu momento evolutivo (na vida e no trastorno), da súa contorna familiar e dos recursos (non só materiais e humanos) da escola (Brun, 2014).

Á hora de valorar cal é a derivación máis adecuada, temos diversos factores que nos serven como parámetros e que non podemos eludir: mellor comprensión por parte dos educadores e/ou cuidadores; espazos, horarios, actividades pensados para eles; compañeiros máis ou menos facilitadores; mundo externo máis ou menos atractivo; recursos varios da escola. Pero tamén a consideración dun sufrimento «soportable», non excesivo, para todo o mundo: neno, familia, escola. Cremos, á vez, nunha escolaridade combinada cun tratamento psicoterapéutico, non pensamos que a única maneira de axudar un neno con TEA sexa mediante a educación escolar nin pensamos que a escola deba ser a única e principal responsable da evolución destes nenos. Neste punto, estamos de acordo coa descrición e advertencia de Lasa (2018):

Todo parece indicar que se perfila unha tendencia social que considera que a investigación «científica» das causas sería patrimonio do mundo hospitalario e necesita da súa tecnoloxía, mentres que os aspectos terapéuticos son agora recualificados de «intervencións psicoeducativas» que corresponderían ao mundo escolar, apoiado por recursos destinados a favorecer a integración social (...). Educación e tratamento, pedagogía e psicoterapia (...) van perdendo o seu carácter de complementarias, aínda que así foron utilizadas en moitos lugares. Enfrontada teórica e emocionalmente.

Por fortuna, hoxe en día contamos cun abano de ofertas máis amplo da tradicional dicotomía escola ordinaria/escola especial, xeneralista ou específica. A escolarización compartida e a escolarización ordinaria cun SIEI² facilitan atopar unha máis extensa e variada oferta para os nenos, aínda que debamos admitir que opcións coma a compartida poden conter máis de desexo ca de realidade e que o camiño de volta da escola especial é máis complicado e escaso ca o de ida. Sen esquecer as reflexións de Peeters (2008) sobre o que el denomina **integración inversa**: empezar a escolarización nunha contorna moi adaptada ao autismo e desde aí avanzar en lenta e preparada integración, unha especie de –segundo as súas palabras– **integración a través da segregación**. Esta modalidade é defendida, entre outros, por profesionais tan solventes como os do Centre Carrilet, en Barcelona (Alcácer e Farrés, 2014): iniciar unha es-

² SIEI: soporte intensivo escolarización inclusiva.

colarización compartida cando o neno puido mostrar unha certa capacidade de observación e desexo polos demais.

Entre outros recursos necesarios –en especial, a comprensión das condutas e do mundo emocional e mental do neno con autismo–, valoramos de forma enfática a axuda que se lles pode proporcionar aos cuidadores (termo amplo que incluíría titores, mestres, educadores e outros) na comprensión deses alumnos. Retornamos á vella, que non caduca, preocupación de coidar o coidador e ás palabras de Hans Asperger a mediados do século XX: «Trátase de nenos que sofren e fan sufrir. Esta axuda á comprensión do suxeito tratado que, con frecuencia, resulta difícil e mesmo dolorosa, pode vehicularse a través da formación “maxistral”, pero sobre todo a partir do asesoramento ou da supervisión dos casos individuais vividos e vivenciados polo docente».

O asesoramento destes nenos presenta unha maior complexidade da que mostra en aparencia. Non se trata só de transmitir uns coñecementos sobre o neno e de que facer con el, senón de entender e atender á vez as angustias que derivan da relación e das diferentes relacións, de ter en conta todos os elementos que participan (neno, mestre, outros mestres, compañeiros, contorna escolar, pais e ata pais doutros compañeiros, así como outros asesores), de defender e promover a comprensión e de xerar esperanzas fronte a unha patoloxía que as ataca sistematicamente. Trátase, en definitiva, de axudar a aliviar a dor mental que provoca o trastorno do neno nel mesmo e nos que o rodean dentro do ámbito escolar (Brun, 2001).

El trabajo en red en el trastorno del espectro del autismo

Pensar nas diferentes modalidades de escolarización de nenos con TEA e admitir a súa complexidade abócanos á necesidade dunha boa coordinación entre os diferentes profesionais que interveñen desde os diversos ámbitos na súa atención. Noutras palabras, é mester un traballo en rede (traballo conxunto dos diferentes profesionais que interveñen nun caso), que devén á vez necesidade e recurso. Pódese levar a cabo un traballo desde unha institución que xa ten uns mecanismos, protocolos de traballo con outros organismos, pero tamén no ámbito individual: un profesional debe ter claro que a atención integral a un neno pasa con frecuencia polo traballo de forma coordinada con outros servizos que teñen coñecemento do neno –ou dunha parte do neno– e da súa familia.

Neste sentido, contemplamos o traballo en rede como unha especie de *setting* interno, unha maneira de ter en mente o traballo cos nenos con TEA, da mesma forma que un considera o neno que atende como parte dunha familia e non como un elemento illado e impermeable á súa contorna. Neste caso, pen-

sámolo como un potencial usuario ou beneficiario de diferentes servizos: educativos, sanitarios (físicos e psíquicos), sociais, entre outros.

Non existe un modelo único de traballo en rede e, máis ben, débemos consideralo como unha tarefa flexible, que se pode ampliar ou reducir en función do caso, do momento, da situación clínica ou educativa. Ter presente o *setting* interno do que falabamos permitirá saber que indicación é conveniente e necesaria en cada situación. Traballar en rede non significa utilizar sempre toda a rede, senón saber utilizar en cada momento os recursos que a rede nos ofrece. Noutras palabras, usar a rede como unha especie de bolsa de recursos.

No ano 1994, o Centre Terapèutic Bellaire, en Bellaterra (Barcelona), puxo en funcionamento un centro de recursos que ofrecía un servizo de asesoramento para escolas ordinarias e que transformou os seminarios de formación en seminarios de asesoramento de casos directos, coa axuda e complicidade dos EAP³ das comarcas do Vallès Occidental e do Bages (Viloca, 2017). Traouse naquel momento, a partir da idea de asesoramento, dun traballo no que participaba a escola ordinaria, a escola especial específica e o servizo pedagóxico do EAP. Outros centros, nos anos posteriores, realizaron estes traballos a cabalo entre a formación e o asesoramento.

A diferenza da formación e o asesoramento, procedementos que implican unha maior xerarquización e unidireccionalidade dos saberes, o traballo en rede demanda e ofrece unha complementariedade deses saberes e un enriquecemento común. Aínda que esa característica máis igualitaria pode supoñer o fracaso do traballo cando dalgunha maneira se incumpre e mantela constitúe unha das dificultades e dos obxectivos do traballo en rede. Para conseguir esa igualdade, é necesario establecer uns puntos mínimos comúns e para iso vencer as reticencias das visións diferentes e, á vez, das diferentes linguaxes (clínico/escolar, pero tamén entre psicólogos e logopedas, por exemplo, ou entre diversos servizos públicos e privados con diferentes orientacións clínicas). As liñas de traballo contrapostas poden dificultar, e mesmo impedir, o traballo en rede e lamentamos constatar que estamos nunha época onde prima máis a confrontación ca os acordos e entendementos.

A promoción dun discurso variado, pero non antagónico e dunha similar visión desde as diferentes áreas reverte en que as indicacións teñan unha coherencia interna cuxos maiores beneficiarios son os nenos e as súas familias. O traballo en rede permite a continuidade, paliar a dor e a dificultade do cambio de profesionais, facilita os traspasos, en especial en casos de nenos dunha certa gravidade, e non só tranquiliza as familias, senón que se converte nun necesario bo trato cara a elas e nunha mellora da calidade de vida dos nenos e

³ EAP: equipo de asesoramento psicopedagóxico.

das súas familias. Esa mellora supón, á vez, un investimento económico de futuro que se contrapón a certas visións a curto prazo. A pesar da maior implicación e intensidade de entrada, e grazas a ela, significa un aforro na economía dedicada á saúde mental en xeral e a longo prazo.

Para iso, o traballo en rede implica un importante e xeneroso –ou responsable– esforzo loxístico por parte de quen o leva a cabo que, con frecuencia, excede os horarios profesionais e supón uns custos non visibles nin computables que poden escapar á aprehensión da súa complexidade ou ser menosprezados ao tratarse dunha atención non directa. En todo caso, a súa consecución non debese estar suxeita á mellor ou peor predisposición dos profesionais senón ao explícito recoñecemento da importancia de todo este traballo indirecto.

Introducirse nun traballo en rede supón un fluxo importante de información, o que facilita a comprensión do neno e da súa familia pero, pola súa vez, dispara aspectos delicados na relación entre profesionais e entre estes e as familias. Dispoñer dunha certa información ten que ver con como foi adquirida, na conveniencia ou non de que sexa compartida ou ata que punto, na confianza e lealdade entre servizos e en como se entende o trato coas familias. A cuestión da confidencialidade foi tratada, tradicionalmente, con diferentes matices de peso entre o mundo clínico e o escolar. E da mesma maneira que valorabamos o traballo en rede polo que achega de benestar ás familias, debemos chamar a atención sobre a determinante importancia da confianza –ou falta dela– destas cara aos profesionais que atenden os seus fillos. O traballo en rede non debe esquecer nunca que está ao servizo dos principais protagonistas: o neno e a súa familia. Naqueles casos onde o compoñente social ou a desestruturación familiar está moi presente, o traballo en rede aparece como indispensable, pero á vez cheo de perigosas trampas se non se cumpre escrupulosamente a comprensión e o respecto cara ás persoas ás que nos debemos neste traballo.

Experiencias del trabajo en red

Como mencionabamos con anterioridade, existen distintas modalidades de traballo en rede. Expoñeremos a continuación, e de forma resumida, diversas experiencias nas que participamos ou que nos foron próximas por seren levadas a cabo por profesionais cos que compartimos a valoración das virtudes do traballo en rede.

No ano 2013, o Concello de Santpedor (poboación de 7 000 habitantes na provincia de Barcelona) organizou un seminario, conducido por un profesional externo e que concluíu coa elaboración dun documento: *Diseño de actuación en la relación familia-escuela en el mundo de las necesidades educativas especiales en la escuela ordinaria*. A particularidade do documento é que foi elaborado en común pola gardería municipal, as tres escolas ordinarias de pri-

maria, a escola especial (que atende a nenos de toda a comarca), o instituto de secundaria e os profesionais do EAP, nun singular e encomiable exercicio de traballo en rede no ámbito local.

Unha experiencia de maior calado e transcendencia no tempo é a que se leva a cabo en Granollers, poboación duns 60 000 habitantes, tamén na provincia de Barcelona (Cruz et al., 2014). Como antecedentes desta experiencia cabe mencionar, por unha banda, a organización, a partir do ano 2008 e desde o Programa AGIRA⁴ (Brun, Aixandri e Olives, 2017) do CDIAP⁵ Granollers, de cursos de formación en TEA para mestres, en colaboración co EAP e o Centro de Recursos Pedagóxicos (nunha formación na que xa participaban como docentes o EAP, o CDIAP, o CEE, o CSMIX⁶ e Educación Especial da Escola Ordinaria) e, polo outra, a creación de programas específicos para a atención ao TEA na zona (Programa AGIRA no CDIAP, Programa para a asistencia ao trastorno mental grave no CSMIX e soporte á escola ordinaria por parte da EE Montserrat Montero). No ano 2011, a EE Montserrat Montero e o EAP Granollers preséntanlles ao CDIAP e ao CSMIX unha proposta de asesoramento en grupo á escola ordinaria. Desa proposta nace a organización de seminarios de soporte en TEA. Trátase dun seminario organizado en grupos de traballo, coa idea de dar asesoramento, supervisión e soporte ás escolas que teñen incluídos nenos con autismo e que busca a especialización da escola ordinaria na súa oferta de espazos, actividades e relacións. Como conclúen no seu artigo (Cruz et al., 2014), «a idea de todos os equipos (escola ordinaria, escola especial, EAP, CDIAP e CSMIX)⁷ traballando á vez e pensando xuntos para axudar a escola ordinaria, dá unha nova e interesante dimensión ao asesoramento, o acompañamento e a formación aos mestres».

Na mesma zona, e con algúns dos mesmos protagonistas, dáse un exemplo diferente de traballo en rede: o desprazamento mensual dun grupo de seis ou sete nenos da EE Montserrat Montero á escola ordinaria Mogent (no concello de La Roca), onde comparten unha mañá de actividades (almorzo, recreo, recunchos de xogo simbólico e experimentación) cun número similar de nenos de párvulos de 4 anos, conducida por dúas mestras da escola especial e pola mestra de educación especial da escola ordinaria. O traballo, que leva uns anos realizándose, ten como obxectivos a creación dunha ponte que facilite o traspaso gradual para aqueles nenos da escola ordinaria que deban escolarizarse na

⁴ AGIRA: asistencia global a nenos en risco de autismo.

⁵ CDIAP: centro de desenvolvemento infantil e atención precoz.

⁶ CSMIX: centro de saúde mental infanto-xuvenil.

⁷ Trátase de equipos que dependen de tres departamentos diferentes da Administración: Educación, Sanidade e Benestar Social e Familia.

escola especial e a facilitación dun espazo e modelo ordinario para nenos pequenos da escola especial.⁸

Concluiremos con dous exemplos de traballo en rede a partir de casos individuais. O caso de Saúl, un neno con dificultades graves na relación e comunicación e diagnosticado de TEA, lévanos a reflexionar sobre como, dentro dun traballo en rede que debe ser constante e inherente ao traballo con estes nenos, se dan momentos e situacións que reforzan o seu peso e concretan obxectivos. Nesta situación, o obxectivo concrétase na planificación da entrada do neno na escola ordinaria e para iso describiremos a súa secuenciación:

En febreiro, prodúcese unha reunión entre a psicoterapeuta de Saúl do CDIAP, o psicopedagogo do EAP e a mestra de educación especial da escola escollida para a súa escolarización co obxectivo de planificar e secuenciar a súa incorporación. No mes de maio, a escola xa decidiu quen será a titora do neno e esta mestra e a mestra de educación especial desprázanse á gardería á que asiste o neno para observalo. Paralelamente, a irmá maior de Saúl, de sete anos, explícalles aos seus compañeiros de clase como é o seu irmán, que asistirá á escola para partir do seguinte curso. En xuño, entrégaselle á familia un álbum para Saúl coas fotos da escola, dos seus compañeiros e da titora. O día un de setembro, Saúl e os seus pais asisten á escola para coñecer a súa titora, a mestra de educación especial, a TEI⁹ e os espazos de aula, comedor e recreo. O día 25 de setembro, Saúl inicia párvulos de 3 anos, uns días despois dos seus compañeiros, incorporándose de maneira gradual durante dúas semanas.

Debemos remarcar como este traballo, planificado desde diversos profesionais que xa atenden e que van atender o neno, engade un terapéutico efecto de acompañamento e contención na familia (pais, neno, pero tamén irmá) nun momento de tránsito complicado.

Por último, o caso de Nerea, unha nena de dous anos e seis meses, cunha sintomatoloxía autista grave e cunha situación sociofamiliar dramática. É atendida no CDIAP desde pouco antes dos dous anos, derivada por Servizos Sociais e por Espai Familiar.¹⁰

⁸ Agradecemoslles a Gemma Pellicer (mestra de educación especial e psicomotricista da EE Municipal Montserrat Montero) e a Núria Rise (mestra de educación especial da Escola Pública Mogent) a súa información sobre a experiencia.

⁹ Técnico de educación infantil.

¹⁰ Espai Familiar: programa para nenos de 0-4 anos e as súas familias. Servizo socioeducativo de carácter gratuíto.

A terapeuta do CDIAP coordínase, de maneira intensa de entrada, con Servizos Sociais e, con periodicidade bimensual, co Espai Familiar. Coordínase tamén coa traballadora social que durante un tempo asiste á casa de Nerea e a súa nai e que está moi angustiada coa situación. No mes de febreiro, a terapeuta do CDIAP réunese co profesional do EAP en relación coa futura escolarización. Propónse non empezar aínda na escola ordinaria, dado o estado de Nerea, e optar pola procura dunha gardería, coa opción da escola especial sobre a mesa. Iníciase a gardería no mes de marzo. Unhas primeiras coordinacións CDIAP-gardería deben aumentar en frecuencia a quincenais cando Nerea, que de entrada reaccionara pouco á incorporación, empeza a mostrar o seu malestar con prantos desconsolados e incontrolables. Considérase a redución da xornada na gardería. Prográmase unha coordinación tamén coa pediatra que atende a Nerea, alertada e preocupada polas dificultades da nena. En paralelo, a terapeuta do CDIAP coordínase cos servizos educativos do concello para valorar as prazas de necesidades educativas especiais por factores sociais e/ou clínicos das garderías públicas municipais cara ao curso seguinte. Iso leva reunións co EAP, os Servizos Sociais, directores de garderías e técnicos do concello. Ante a dificultade para atopar praza e considerando o estado de Nerea na súa actual gardería, exponse tamén a posibilidade da incorporación á escola especial e, para iso, iníciáanse coordinacións con esta. A terapeuta informa a nai de todos estes movementos e a profesional de Servizos Sociais acompaña a coñecer a escola especial, mentres seguen as coordinacións da terapeuta coa gardería.

No momento actual, Servizos Sociais ponse en contacto co EAIA¹¹ en demanda de asesoramento e piden coordinación co CDIAP.

O caso de Nerea é un caso aberto, con moitas dificultades e complexidades de todo tipo, pero que grazas ao traballo en rede permitiu ofrecer un acompañamento e unha contención ás persoas que conviven coa nena e que a atenden nos diversos espazos. Conseguiuse tamén poder pensar conxuntamente nos diferentes e cambiantes escenarios de futuro próximo na escolarización de Nerea.

¹¹ EAIA: Equipo de Atención á Infancia e a Adolescencia que depende da DXAIA (Dirección Xeral de Atención á Infancia e á Adolescencia do Departament de Treball, Afers Socials i Famílies (Departamento de Traballo, Asuntos Sociais e Familias da Generalitat de Catalunya).

Bibliografía

- AJUNTAMENT DE SANTPEDOR (2013): *Disseny d'actuació en la relació família-escola en el món de les NEE a l'escola ordinària*. Recuperado de: <http://compromesosambleducacio.diba.cat/documents/document-final-del-treball-sobre-relacions-familia-escola-ordinaria-en-el-mon-de-les-nee>
- ALCÁCER, B. E FARRÉS, N. (2014): «Escolaritat compartida. Una reflexió». *Newsletter Programa AGIRA*, 4. Recuperado de: http://capivo.cat/wp-content/uploads/2017/07/AGIRA_Newsletter-4.pdf
- BRUN, J. M. (2001): «Aspectes rellevants en l'Assessorament en l'Escola Ordinària d'Infants amb Trastorns Greus de la Personalitat». *Revista de la Associació Catalana d'Atenció Precoç*, 17-18, pp. 7-18. Barcelona. (Versión castellana en: Brun, J. M. e Villanueva, R. (2004). *Niños con autismo. Experiencia y experiencias*. Pp. 195-208. Valencia: Promolibro).
- BRUN, J. M. (2014): «L'escolarització dels infants amb TEA: de quina experiència escolar parlem i com la pensem». *Newsletter Programa AGIRA*, 3. Recuperado de: http://capivo.cat/wp-content/uploads/2017/07/AGIRA_Newsletter-3.pdf
- BRUN J. M.; AIXANDRI, N. E OLIVES, S. (2017): «Programa AGIRA (2007-2015): Números para una reflexión». *Cuadernos de Psiquiatría y Psicoterapia del Niño y del Adolescente*, 63, pp. 63-74.
- CRUZ, D. ET AL. (2014). «Programa de soporte a los docentes de alumnos con TEA». *Cuadernos de Psicoterapia del Niño y del Adolescente*, 57, pp. 61-68.
- LASA, A. (2018). «Sobre la inteligencia de los autistas». *Revista eipea*, 4, pp. 8-25. Recuperado de: <http://www.eipea.cat/ca#about>
- PEETERS, T. (2008). *Autismo: De la comprensión teórica a la intervención educativa*. Ávila: AutismoÁvila.
- VILOCA, LL. (2017). «Cuarenta años de trabajo con autismo en Catalunya». *Revista eipea*, 3, pp. 8-13. Recuperado de: http://www.eipea.cat/docs/eipea_Revista%20num.3_Castellano.pdf

A REDOR DA EDUCACIÓN E O AUTISMO

Cipriano Luis Jiménez Casas¹

Psiquiatra e psicanalista. Director xeral Fundación Menela

RESUMO

¿Precisase dunha mesma resposta para tódolos autismos ou, polo contrario, de respostas diferentes, adaptadas a cada caso? ¿Que facer cos obxectos dos que estas persoas rodéanse constantemente? ¿Hai que consideralos fenómenos nocivos a erradicar ou ben un sostén para a persoa e unha forma de invención? ¿É posible educar a persoa con autismo? ¿Temos en conta o “saber” da persoa con autismo? Porén, a variedade de casos obríganos a reconsiderar a singularidade destas persoas cara a un debate interdisciplinario, no cal falemos da pluralidade de atención os autismos, en función dunha perspectiva respecto a diversidade.

Introdución

O debate a redor das causas dos autismos –oscila entre a xenética, ambiente e/ou a combinación de ámbalas dúas– prosegue a un ritmo extenuante. Cada semana, cada mes, hai achegas de novas hipóteses e non se trata dos factores inatos ou ambientais en xogo, senón de localizar o factor clave. Unha causa xenética ou epixenética? Anomalía inmune? Alteración do desenvolvemento dos xenes da linguaxe, incluso do cerebro en xeral? Vinculación a obesidade ou á

¹ O autor é Licenciado en Medicina con grao pola USC, especialista en psiquiatra pola UCM e psicanalista membro da AEPP. Psiquiatra dos hospitais de Leganés e Bel-Air de Madrid e Xenebra. Director xeral de Fundación Menela. Vicepresidente e Socio de Honra de Autismo Galicia. Vogal da Fundación Tutelar Sálvora. Autor de 13 libros e colaborador en 23. Publicou máis de 200 artigos científicos e culturais en diferentes revistas galegas, españolas e europeas. Director da revista Maremagnum. Relator en congresos nacionais e internacionais.

hipertensión das nais antes ou despois do embarazo? Idade dos pais? Son hipóteses que se suscitan, se avalían e se miden en estudos estatísticos, pero que non conseguen o asentimento xeral. Os psicanalistas de hoxe non formamos parte da absurda hipótese de que dos autismos serían culpables os pais, e en particular as nais.

Parecería que todo o mundo tería cabida no “trastorno do espectro do autismo”. Agora son os autismos, os que antes eran clasificados como retraso mental, esquizofrenia ou discapacidade. Os nenos con autismo (Mark Daly), terían unha taxa de mutación denominada “**novο**”, cuns efectos máis severos, acadando un 15 a 20% de casos, dos que non coñecemos nin as causas, nin a súa frecuencia na poboación xeral.

Leo Kanner illou en 1943 a sintomatoloxía autista, distinguindo entre a causa biolóxica, por descubrir, e as dificultades que o neno lles ocasionaba aos pais. Non as situaba no mesmo plano e os psicanalistas interesados polos autismos a partir dos anos 1950, tampouco.

La batalla del autismo (Eric Laurent), remite a que os partidarios do cientifismo, tratan de instrumentalizar os resultados obtidos pola bioloxía e a xenética —como as causas do autismo— para invalidar toda abordaxe inspirado na psicanálises e na psicoloxía dinámica. En nome da crenza coa cal o autismo sería un “trastorno” puramente cognitivo, só serían admisibles os “métodos educativos”, centrados na aprendizaxe. Cales serán as consecuencias das posicións do cientifismo e dos partidarios do tratamento da conduta que lle imponen á persoa con autismo, en non poucas ocasións, un sistema coercitivo e ás veces cruel?

Os autismos mobilizan tódalas ramas da bioloxía, medicina, psicoloxía, educación, teorías da aprendizaxe, así como da psicanálise nas súas distintas orientacións. As dificultades clasificatorias súmanse os abordaxes clínicas e as hipóteses biolóxicas tratan de promover unha causalidade única. A abordaxe, autoritaria, única e redutora no campo educativo, é denunciada polas propias persoas con autismo de “alto nivel”, que manifestan a súa hostilidade respecto, por exemplo, da “industria ABA-autismo”, formulando preguntas fundamentais: Que é aprender? Que é saber? A abordaxe psicanalítica, restitúe estas preguntas que nos dirixen as persoas con autismo con toda a súa complexidade, que conteñen unha demanda: que afrontemos a angustia da incerteza para non caer nas tentacións do modelo único.

A persoa con autismo, en relación os tratamentos dirixidos aos cambios da conduta que hai que erradicar (ABA), mediante castigos e recompensas, relación causa - efecto, deixando de lado as persoas que non sigan o protocolo (rexeitamento ou abandono), é criticado e denunciado por unha persoa con au-

tismo, Michelle Dawson, residente no Canada, membro do equipo de investigación de L. Mottron en Montreal.

Denuncia desde a ética a I. Lovaas (fundador do método ABA), por exemplo, no proxecto para os rapaces efeminados, substituíndo condutas femininas por condutas masculinas, para a prevención da homosexualidade. Dawson mostra que para Lovaas a supresión dos comportamentos da persoa con autismo ocupa o mesmo lugar que suprimírllelos os homosexuais, cando o autismo –continúa– existe á parte do comportamento. Reclama que todos os estudos condutistas sexan reexaminados e non converter os nenos con autismo como os demais, suprimíndolles condutas estrañas que poden serlle necesarias (balanceo ou determinados xogos), impoñéndolles condutas provocadoras de estrés ou dolor, e é partidaria do saber implícito, irredutible aos comportamentos explícitos e medibles do aprendizaxe, un acceso educativo ao “saber” da persoa con autismo para desenvolverse por si mesma a través das súas propias competencias.

“Aprendemos –di Dawson– cousas diferentes, dun modo diferente, por razóns diferentes, o cal resulta complementario respecto das aprendizaxes e resultados dos non-autistas”, e esta en contra da educación da conduta e dos programas ABA. “Deixádenos –suxire– aprender á nosa maneira, deixádenos os noso comportamentos singulares, xa que non esta demostrado que nos impidan aprender, e darnos voz a todos os niveis”. As tentacións autoritarias, en educación, poden activar o denominado modelo “problema - solución”, sen ter en conta a singularidade da persoa con autismo.

A educación imposible

En 1925, Freud sinala que hai tres profesións imposibles: “gobernar, **educar** e analizar”; ás que Lacan engade a de “**facér, desexar**”. Porén, o educador ten que ir o encontro dese imposible a través da invención, acompañando a persoa con autismo e facendo dos impases que se presenten a panca que axude a relanzar o desexo.

O mestre atopase diante do desafío de trazar, cada día, un novo camiño dese imposible de educar. Para que naza un “si” o saber, para que haxa unha adhesión real da persoa con autismo que aprende, o educador debe intentar entrar na lingua do alumno, a lingua “que se di” en palabras, pero tamén en xestos e no paso o acto (*acting out*).

Educación é intentar imprimir mediante as palabras –proferidas polos pais e os educadores– as regras mínimas de convivencia e querer gobernar as pulsións, a chamada “libido indomable”. Tarefa imposible! Sempre hai algo que escapa o dominio do “gozo da pulsión” por medio da linguaxe. Só é educable quen sufriu a falta operada pola linguaxe. É, pois, a falta a que facilita que o

Outro (sexan os pais ou os educadores), faga valer a súa influencia propoñendo os seus modos de satisfacción. Non todo é educable. O individuo atopa un límite o saber e a pretensión de totalidade fai obstáculo para os efectos educativos.

A través das normas e prohibicións o educador provoca unha substitución, unha renuncia do neno a súa pulsión. En compensación, o educador promete algunha satisfacción substitutiva que induce a persoa con autismo a buscar a súa satisfacción por vías socialmente aceptables. Esta operación de “sublimación” dá conta do desprazamento da pulsión, da satisfacción salvaxe a outra mais valorizada socialmente.

A educación é tanto “unha orde” como “un ordenamento do lazo social”, un modo de socializar o gozo a través dunha renuncia que permite o vinculo cos outros. O educador, mais ca un mestre do saber, é ante todo un mestre do desexo.

Freud transmíteo aos 60 anos nun escrito da escola que estudou desde os 9 aos 17 anos: “...que é o mais importante para un alumno, non é ocuparse das ciencias que nos expoñen os mestres, senón da súa personalidade. Un camiño subterráneo que pasa pola persoa do mestre... provocadora das nosas revoltas e da nosa submisión... espiabamos as súas debilidades e estabamos orgullosos do seu saber e sentido da xustiza... adoptabamos cara a eles unha actitude de incomodidade... amor/odio, crítica/ veneración. O mestre non opera tanto a partir do seu deber como da súa personalidade”.

O desexo do educador pesa mais cas súas intencións conscientes e esta é a razón pola cal a tarefa do educador forma parte das profesións “imposibles”. Mais ala do saber que posúa, mais ala dun “saber facer” transmisible, universal, que valería para todos, o mestre dá testemuña sempre, o saiba ou non, da súa acción, do “outro saber”.

A psicanálise, dentro do marco da educación, pode ser considerada como un medio auxiliar do tratamento do neno; pero non un substituto. Non sómente resulta imposible no terreo practico, senón que tampouco é recomendable por razóns teóricas.

Educación a pulsión é unha misión imposible. Velaí o límite de calquera ideal pedagóxico. Lacan, partindo desta relación do suxeito coa satisfacción, constrúe o concepto de “gozo”, e vai mais ala da noción freudiana do síntoma. Cada individuo “satisfáise” de acordo coa súa propia maneira sintomática e iso, en efecto, non pode ser educable. O que non impide que sempre se poida facer algo. Existe, por tanto, a “dignidade do síntoma”. E no síntoma hai “saber e gozo”. Entón no é algo a erradicar senón que hai que tomar moi en serio, como a mellor vía do saber. Só se produce saber si hai xogo no gozo. Non se trata de aprender xogando, é algo mais serio ca iso. O suxeito goza, pero só se dese

gozo extrae un saber, o saber pode chegar. Deste principio parte a psicanálise, e non só para o autismo. Senón hai educación, non é posible establecer as bases da regulación mínima que todo individuo precisa para vivir. Sen embargo, a persoa con autismo demóstranos que a educación si volve imposible se pretende regulalo todo.

Nun contesto de crise do educativo, prima a falsa certeza de que é posible aprender sen esforzo, sen memorizar e a forza de entretementos, onde a educación queda xirando a redor dun baleiro ou a violencia nas aulas. E con ela, a desesperación dos profesores. Un docente ten que observar, comparar e explicarse o desinterese ou o nerviosismo na aula.

A proposta pedagóxica pola escola inclusiva, que xurde denunciando a escola especial, provoca a desafección nos nenos ou adolescentes, que non poden adaptarse a unha normativa que dificilmente prevé a súa singularidade.

Como establecer un vínculo con un profesor e, por extensión, no educativo se a mirada esta posta en se un alumno responde a un patrón de conduta, e non no que aprende? Faise entón a educación imposible? Non, pero hai un imposible na educación e é precisamente ese irreductible, esa singularidade do suxeito que marca unha barreira que fará fracasar calquera intento de domesticación. Fronte á pretensión universalizante da educación –a esixencia do mesmo comportamento, a norma aplicada por igual para todos, o todo é educable, e definitiva–, a orientación da teoría psicanalítica sinala o un por un e o mais propio de cada persoa que o fai diferente o resto.

Como fai o educador para orientarse en medio das directrices de xestión e a detección –á fin e o cabo o diagnóstico –de alumnos con TEA ou TDAH? Senón hai unha posición ética ante a avaliación, nos protocolos e o control reina a desorientación. Unha alternativa e a atención non os ítem das guías, as dificultades que presentan algúns nenos e adolescentes nas aulas –sexan centros ordinarios ou especiais– e as modalidades que atopan para poder aprender e permanecer nas escolas. As veces precisan saír da aula, ter menos horas ou realizar outras actividades que as propias curriculares. Se a conduta de nenos e adolescentes nas escolas produce unha interrogante que oriente os docentes, a unha conversa sobre as dificultades que se xeran ca función dun comportamento, e busca alternativas que ofrezan un posible percorrido escolar, o concepto de inclusión terá o seu valor: a inclusión das singularidades, unha por unha.

De que educación estamos a falar?

Os autismos non son hoxe unha enfermidade mental senón un hándicap e desde ese momento caen no campo da educación. Se o diagnóstico pertence o mundo da psiquiatría, o seu tratamento e ante todo educativo. O status de hán-

dicap no autismo, distinto da enfermidade mental, ía permitirlles as familias desde a década dos 60 reivindicar mais investigación (Os Estados Unidos, Gran Bretaña) e o acceso as institucións de “educación especial”.

Moitos métodos educativos que se aplican non son tanto educativos senón practicas de reeducación. Supoñen que a dimensión do autismo como hándicap reduce a ser unha lesión funcional en relación coas funcións do aprendizaxe e a relación. A dimensión psíquica redúcese a funcións corporais. É o que permite facer desaparecer aquilo que esta no corazón mesmo da educación: a cuestión ética.

A educación non é unha ciencia, a non ser que pensem que o espírito e o psiquismo residen no cerebro. É suficiente entón darlle forma mediante o hábito e a coacción. A norma social ten o seu modelo e na educación ten o seu mellor aliado.

Esta visión mecanicista, da libre circulación dos bens, oponse a educación das “Luces”. A educación, lonxe de reducirse a doma e cría, é o medio para que o neno que nace dependente acceda a liberdade. Así pois, a educación non é unha ciencia, senón que depende da ética, da elección e do consentimento do suxeito. Si a filosofía pensou en solucionar esta cuestión por medio do útil, a psicanálise desvelou outra dimensión, aquela que consiste nunha satisfacción paragóxica que nada ten que ver coa dos bens.

A persoa con autismo decide defenderse da palabra e non consente a orde da linguaxe. Fai un uso singular da palabra que non é o seu uso común. Como todo “falante – ser” debe pasar polo Outro e a alteridade con tal de que unha articulación sexa posible. A educación non pode entón consistir na aprendizaxe da lingua tocada por un rexeitamento primordial, senón polo consentimento do Outro a deixarse ensinar pola lingua singular da persoa con autismo. E este espazo, onde a lingua da persoa con autismo pode finalmente facerse entender, é o que se ofrece nas institucións orientadas a psicanálise. O traumatismo que preside para cada un a súa existencia pode entón deixar o seu lugar a creación e a invención.

A educación é un discurso de dominio, como toda practica social, polo que hai que situar a súa especificidade. De quen é o dominio? Do educador, que debería dominar o neno para subxugar a súa “forma de ser”, reducir o seu estilo de vida –como se intenta na actualidade– á súa homoxeneización a través dos protocolos? Ou tratase do “dominio” da persoa con autismo sobre os obxectos do seu interese para inventar con eles como sosterse no mundo?

A dimensión educativa precisa do consentimento da persoa, pero consentimento non é aceptación masiva senón tratamento singular desta, desde tempos e espazos subxectivos. A posición do educador ten un papel decisivo na aceptación ou rexeitamento da oferta. O neno reclama, co seu rexeitamento, o

dereito a tratar a oferta educativa a súa maneira. A súa obxección a un certo tipo de educación permite avanzar sobre a proposta educativa que inclúe a posición do educador.

A educación non é o adestramento cognitivo-condutista que apunta reducir a persoa a un patrón preestablecido. A educación é unha oferta de obxectos da cultura para que a persoa se apropie destes á súa maneira, a través dos distintos saberes do patrimonio cultural. As escolas hoxe parece que perdesen a función educativa ou transformasen en dispensa de informacións varias, basicamente en espazos de control directo. Canto mais se perda a dimensión educativa, mais crece o control social directo que se realiza, non sen o aumento da angustia dos profesionais. Faise profesión do que se rexeita, tratando de sufofocar no outro o que mais molesta, o que é demasiado próximo.

A posición do educador para Montessori –que traballou con nenos con dificultades nos asilos da época– é: “Os nenos constrúense a si mesmos a partir de elementos da contorna. Dese modo, o educador non se centra no neno senón en preparar a contorna, establecéndose unha distancia entre a oferta e o axente que permite unha redución do dominio directo. O educador debe renunciar a impoñerlles a súa propia vontade aos nenos, a menos que se trate de actos que poidan ser perigosos. É dicir, o educador debe saber facer unha división operativa para darlle cabida á singularidade do xeito no uso dos obxectos e nos seus tempos e espazos. O educador só utiliza a súa autoridade na selección dos obxectos da cultura, ofrecidos a exploración da persoa”.

Freud (1933), manifesta que a educación, se atopa en delicado equilibrio entre permitir e prohibir, contando sempre co poder da pulsión. A posición do educador será así esencial e marcou dúas advertencias. A primeira, a diferenza entre o neno como persoa da educación e o neno que o educador foi. A segunda é a diferenza entre a psicanálise e a educación e entre o neno e o adulto. Non é o mesmo o traballo “re educativo” cun adulto, é dicir, unha psicanálise, ca “a educación de alguén inacabado”, insistindo, en que o análises dos educadores é unha medida profiláctica mais eficaz ca a dos nenos.

Un problema que se presenta cando se trata de educar é que, en xeral, non se reconece que o neno ten xa un saber aínda que non o saiba, é o tema do previo, e é ese saber o que se pon en xogo fronte a oferta educativa. Cada neno debe inventar como sosterse no mundo e para iso “elixe” o instrumento do que se serve.

Na persoa existiría algo, como estraño, que non pode ser educado. Estamos falando da “pulsión”. Ese proceso dinámico consistente nun impulso (carga enerxética, factor de motilidade) que fai tender o organismo cara un fin. A pulsión ten a súa orixe nunha excitación corporal (estado de tensión); a súa fina-

lidade é a de suprimir o estado de tensión que reina na fonte da pulsión; grazas o obxecto, a pulsión pode acadar o seu fin.

Por iso a persoa con autismo é un insumbisa da educación. Pero non tanto no seu desexo de aprender, senón en canto ao desexo de aprender aquilo que ese outro desexa que aprenda sen ter en conta a súa singularidade e os seus intereses. O non deixarse tomar por ningún discurso, e coas súas propias invencións como poderá protexerse da angustia. Tomar esas invencións como “obsesión” ou “malas condutas” non é ter en conta a especificidade da persoa con autismo.

Autistas: profesores de autismo?

Os autismos encarnan un desafío e unha obxección á posición do educador e do terapeuta. De aí que mobilicen neste sentido a investigación no seu imperativo etiolóxico, así como a profusión de técnicas reeducativas e de curación resultantes.

A persoa con autismo manifesta un sufrimento descarnado e masivo en relación o saber e os signos da presenza do outro, así como a súa negativa e o seu rexeitamento radical a este último. Tapar as orellas e os ollos constitúe neste sentido o paradigma. Os muros despréndense e cáenlle enriba (T. Grandin).

Eliminando a dimensión subxectiva do sufrimento que o síntoma manifesta, o único propósito dos protocolos de actuación é a súa “obxectiva” desaparición, para a cal o terapeuta, convertido en educador implacable, non se privara de violentar a resistencia do paciente, adherido a “erros de xuízo”, a “comportamentos irracionais”, a un esquema que goberna as súas “estratexias inadaptadas”.

Unha colisión de consecuencias sociais reúne unha dimensión problemática, por un lado, a descolocación estrutural do sistema pedagóxico evidencia, mais ala das sucesivas reformas, que algo non marcha na educación. E por outro lado, o desterro da psiquiatría e da psicanálise en prol dun tratamento netamente reeducativo do autismo, a pesar do reiterado reclamo dos clínicos e das propias persoas con autismo.

Michelle Dawson non descarta que os berros agudos e as fuxidas que manifestan os nenos con autismo se deban á impostura de seren obrigados a abandonar os seus “puntos fortes”. A tendencia aos extremos, a disidencia e a erudición revelan a importancia do saber implícito. Ese é, precisamente o aspecto que a psicanálise permite esclarecer, o da relación do ser falante co saber, que se distingue dos aprendizaxes e é esencialmente inconsciente, como o demostrou Freud ao comparalo cun sistema de escritura. O saber inclúe o suxeito na súa singularidade e derivado do encontro coa lingua que non por causalidade

se denomina materna. Aínda que poida ser descoñecida para el mesmo, leva a marca persoal dos seus traumas, do seu desexo, a súa curiosidade ou a súa invención.

Por iso a psicanálise considera os síntomas do autismo como escrituras á espera de ser lidas por estar vinculadas a nosa irremediable necesidade de acordar a nosa existencia a dimensión da palabra. Somos por natureza seres falantes; incluso naqueles casos extremos onde o mutismo é case que absoluto, debemos ter presente que o silencio forma parte da palabra e require ser respectado.

O proxecto das teorías cognitivo-condutivas consiste “en pensar” o cerebro, o espírito e a maquina, realizan a hipótese de que o espírito sería ao cerebro o que o programa é ao ordenador. A clave desta ideoloxía é a noción de información e o seu traspaso, as aplicacións técnicas prescritas por “expertos”, moitos dos cales xamais pisaron un aula. Entoando o himno da “innovación pedagóxica”, todo mostrase comunicable e, por conseguinte, sendo comunicable xa existe, volvéndose vello de entrada, obsoleto e sen interese. O crecente fracaso escolar é a tese de baixas por depresión dos ensinantes, a mais alta por colectivos, que entorpece o mellor dos mundos posibles, a que prometen os manuais do ideal pedagóxico.

A escola seguira tendo sentido en canto continúe recoñecendo o limite do saber e o do non saber. Ningún saber é inútil, só e inútil a ignorancia. Os síntomas serían incomprendibles e non encaixan nos esquemas nin na organización da institución educativa. O neno con autismo produce fascinación e pode xerar angustia porque o educador se sente cuestionado por un suxeito cuxo modo de gozo é un verdadeiro enigma. O “natural” dos que o rodean e tratar de corrixir eses comportamentos dis funcionais coa finalidade de eliminar a súa inquietante presenza. “Deberíamos quitarlle esas manías”, que dificultan a súa aprendizaxe e o seu desenvolvemento normal – comentase–, pero o resultado é que non avanzan na súa autonomía e continúan a ser dependentes. Esa maneira de tratar os síntomas, aínda que eficaz en algúns aspectos, o que fai e reforzar a posición da persoa con autismo, e dicir, o rexeitamento do outro como suxeito separado, e tamén de si mesmo como suxeito separado do outro. Os síntomas non son obstáculos que temos que eliminar para impoñer a “nosa” solución, senón invencións dun suxeito que persegue a “súa” solución. Non é aceptable un tratamento dos autismos que prive o suxeito dos seus síntomas.

A persoa con autismo de alto nivel ensínanos que a mellor axuda no seu esforzo por socializarse é ter unha vida autónoma e contar cuns pais e educadores que respectaron as súas invencións sintomáticas, permitíndolles conservar e elaborar os seus obxectos autísticos (obsesións) e desenvolver áreas de competencia e tomar decisións.

O tratamento dun neno con autismo non debe ser confundido co aprendizaxe. Moitas persoas con autismo, pola súa subxectividade, resístense a entrar na gran maquinaria dos aprendizaxes forzadas, que non implican a escolla dun obxecto insólito, mostrar un interese apaixonado por un tema concreto ou apoiarse nunha invención singular. Un neno con autismo non se sente un mais, non se reconece entre outros. O caos domina a súa experiencia e impídelles ter unha percepción do mundo e de si mesmos. Deféndense da angustia que senten pola intrusión dos estímulos estraños: tápanse os oídos, berran, fan barullos ou agríden na clase.

Educación inclusiva, combinada e saber autista

A escola inclusiva, tal como sosteñen algúns dos seus defensores, non exclúe a ninguén, porque non hai diferentes categorías de estudantes, só hai unha categoría de alumnos, sen ningún tipo de adxectivos. E propoñen que as aulas acollan a tantos alumnos como sexa posible, tanto tempo como sexa posible nas mesmas actividades de ensinantes e aprendizaxes comúns.

Baixo un discurso aparentemente progresista, a falta de adxectivos impide pensar no caso de aqueles nenos con autismo para quen esa cantidade de tempo compartido, baixo a lóxica do mesmo para todos, pode resultar moi negativa.

A lóxica “do mesmo para todos”, pode conducir o peor. A lectura do trastorno impide pensar que nunha persoa o “non” deba ser respectado. E impide que se estableza a transferencia, a vía do amor que é a que fai posible a aprendizaxe.

A “inclusión educativa” pode provocar a aparición no mesmo interior dos centros educativos de “fenómenos de exclusión” e a aparición de “angustia” nos profesionais, que se volve correlativa a súa falta de formación. Nestes casos e fronte a esta situación as familias de nenos con autismo vense desorientadas ante a pregunta: Que escola escollemos para o noso fillo? Que esperamos hoxe da educación? Que propoñen os centros de educación especial de orientación dinámica para o autismo no ámbito educativo?

Faise necesario un debate sincero onde a palabra abraza paso, evitando practicas e/ou criterios non baseados na realidade da persoa con autismo. Un debate no que prime a singularidade do autismo e non con criterios uniformes, baseados en posicións non referendadas nunha discusión teórica e practicas contrastadas.

As cuestións que hai que ter en conta serían: subxectividade particular ou hándicap? Trastorno e/ou enfermidade que non ten cura? Forma de ser que temos que respectar? Temos que ofrecer a vía da educación e da normalización cara a inclusión? A perspectiva da “educación inclusiva” baixo a vontade da

non segregación, baseada unicamente na reeducación do comportamento, e que ten como modelo as terapias cognitivo – comporta mentais o que parecen perseguir fundamentalmente é o establecemento da norma baixo o paradigma do todos iguais.

T. Grandin formula que para a persoa con autismo os regulamentos son moi importantes, o ter que concentrarse intensamente na maneira de facer as cousas. A persoa con autismo non rexeita o outro senón que esta na busca dun “outro de síntese”, para encerrar o simbólico nun campo circunscrito, coa finalidade de volvelo completamente controlable, facer del un nó de coherencia e de referencias fixas que lle dean seguridade. De aí o seu rexeitamento a ironía, o dobre sentido das palabras e a súa esixencia de comprensión literal.

A conversa entre clínicos, educadores, mestres, asistentes sociais e os distintos técnicos de protección da infancia, mantendo cadaquén a especificidade do seu discurso, do seu campo de intervención, permite introducir diferenzas. Un caso é distinto a outro, con repostas educativas e sociais diferentes.

Hai que escoitar e acoller ao neno e as persoas que se ocupan del para captar as dificultades as que cada un deles están enfrontándose, estudando as solucións que eles atopan e os impases que persisten e que motivan a súa demanda a institución.

A educación é obxecto de debates apaixonados nos que cada quen defende o seu concepto de educación. Dúas grandes concepcións se opoñen, a que defende a noción de liberdade e a que promove forzar o propio autoritarismo. Loita entre psiquiatría e educación no que foi o tratamento dos nenos “diferentes”. É a enfermidade mental a que esta en primeiro plano e que lle impide ao neno acceder a un saber que lle permita exercer o seu libre albedrío? Pode o neno aprender un conxunto de condutas, de comportamentos que lle permitan vivir na nosa sociedade? Liberdade fronte a ataduras, consentimento ou coerción? Isto tería que ver coa ética e non tanto coa ciencia.

Freud descobre que a posesión do saber non lle impide ao suxeito dirixirse directamente cara o que parece ser o seu infortunio. Detrás do saber que nos permitiría acadar o útil, situase o espazo do outro saber, non sabido polo suxeito, que o determina contrariamente o que el sabe conscientemente, contrariamente a súa vontade. Este saber é de outra maneira, doutro orde ca o da ciencia, ca o da tradición. É un saber que pon en xogo outra razón que aquela dos discursos que se fundan no ben.

É imposible que o mesmo procedemento educativo sexa igualmente válido para todos os nenos. A persoa con autismo buscan un lugar de vida, as pequenas invencións, para facerlle fronte o seu propio malestar. Para que lle serve ese comportamento, esa estereotipia, esa modalidade de falar ou esconderse? Hai que darlle dignidade o síntoma. O síntoma é algo que lle concirne o suxeito. O

noso horizonte non consiste en erradicalo. Hai que respectar a singularidade de cada suxeito, non se debe ser intrusivo senón delicadamente curioso. As manías –comenta Grandin– proporcionan unha gran motivación.

A nosa relación ca “satisfacción”, na medida en que esta lonxe da necesidade, non adoita responder os intentos “educativos”. Por outra banda, ademais por detrás do “principio do pracer” atopámonos coa “pulsión de morte”. Comer, por exemplo, prodúcenos un enorme pracer. Porén, se o facemos sen límite, ao final atopámonos coa morte.

O discurso educativo non precisa de reflexión para seguir funcionando, pero senón se coñecen os límites da súa acción, tampouco os efectos que produzan van ser localizables. Constatase un movemento pola educación como significativo e amo en desmedro da clínica. Unha mutación esencial do concepto mesmo de aprender e que ten como pancarta a educación inclusiva. Educar, Educar! Non obstante, xunto a disposición de recursos e as medidas de protección dos dereitos cívicos, non se pode impoñer o pensamento único a carón da hipótese sobre a causa do autismo e a interpretación das necesidades dos nenos, deixando de lado o sufrimento psíquico –o aspecto clínico–, e deseñando a modalidade de intervención por parte dos pais en moitas ocasións extenuados pola obrigaçión de traballar durante horas na casa acordes o programa establecido. A psiquiatría dinámica e a psicanálise son excluídas esgrimindo o argumento da súa falta de garantía científica. Non é ciencia. Non é científico, pregoan, de maneira tan reiterativa como xorda as achegas clínicas e as proporcionadas pola propia persoa con autismo.

A inclusión educativa vai mais alá dunha declaración de intencións, é preciso outra maneira de ensinar, outra maneira de pensar. Supón comprender aos nenos como seres de saber. Saberes estraños, insólitos, en relación os infinitos mundos aínda non escritos na experiencia, contrarios o pensamento estandarizado. Acudir a un centro “ordinario” non implica necesariamente a inclusión ao medio recoñecido como normal. A experiencia pode resultar en que esa inclusión podería ser mellor no colexio de educación especial ca no colexio ordinario.

Cando evoluciona a escolaridade, pode darse un bloqueo grave. É aí cando a proposta dunha “escolaridade combinada” pode ser aconsellable. Os nenos non aprenden por imitación negativa, contrariamente ao que non sucedería nun centro ordinario. Aconsellar os nenos unha “enseñanza combinada”, uns días a escola ordinaria e outros a escola especial, supón en moitos casos cambios positivos.

O neno non precisa para nada ser un neno normal, senón ser un neno feliz e o mais independente, aceptándoo tal como é. Os centros de educación espe-

cial poden ser a mellor opción por estar mellor estruturados e darlle a cada neno especial o que precisa.

A educación debe tornarse permeable a cada suxeito, pero que facer no campo do autismo? Sumarémonos ao eloxio de Baltasar Gracian: “Oh, gran maestro aquel que comenzaba a enseñar desenseñando! Su primera lección era de ignorar, que no importa menos que el saber”.

A cuestión é que outro imos ser para cada caso! De que maneira nese gozo solitario se pode conseguir a inclusión dun outro para que a persoa con autismo poida producir un saber que o sosteña. Non se trata de utilizar os intereses do neno para ensinarlle o que a nosoutros nos interesa, non partimos desa individualización nin desa fortaleza. Trátase de tomarse en serio o que fai a persoa con autismo, sexa o máis insensato ou incompreensible, e ver niso o que a une, aínda que sexa dunha maneira fráxil, co mundo. Isto ten que ver coa singularidade e a invención. A repetición (sameness) é utilizada como instrumento para ampliar o mundo da persoa con autismo, porque non é repetición deste, senón repetición da letra. Podemos utilizar todo tipo de elementos - imaxes, sons, debuxos animados- que poden constituír o centro de interese da persoa con autismo e funcionar como un modo de entrar no mundo.

Da reeducación o aprendizaxe, non sen a clínica

No tratamento actual do autismo, a palabra reeducación converteuse nun termo clave. A persoa con autismo é sometida a prácticas reeducativas co obxectivo de que modifique a conduta que se considera destrutiva ou inadecuada, co fin de adaptala a normalidade. A modificación da conduta pretende conseguirse mediante a inxenua, banal e perigosa técnica do premio-castigo. Por suposto esta reeducación somete a persoa con autismo, que é frecuentemente un ser fráxil e profundamente angustiado, a situacións de extrema esixencia, e incluso violencia, que non teñen en conta para nada cales foron as defensas que o propio suxeito conseguiu inventar para manterse nun mundo que experimenta como hostil.

Así por exemplo, os balanceos estereotipados dun neno con autismo son un intento de soportar un malestar do corpo, como puideron afirmar en ocasións a propia persoa con autismo (T. Grandin). As técnicas reeducativas parten dun principio profundamente erróneo. Supoñen que as condutas que compre eliminar non compren función ningunha para a persoa e son, polo tanto, prescindibles. Conseguir que un neno con autismo que repetidamente se pon obxectos na boca deixe de facelo despois dunha insistente terapia baseada no premio ou castigo non ten en conta nin a angustia do neno nin cara a onde se desprazou esa angustia que se calmaba coa “manía” de levar obxectos a boca. Así

pois, os supostos beneficios non son de todo veraces. Ningunha reeducación dá a medida do que se xoga para o neno no seu malestar e as súas manifestacións.

A clínica non é unha reeducación, a persoa con autismo non aprende como as outras. Como entender cal é a lóxica detrás do que constrúen como saber e detrás da que rexeitan? Na escola, os nenos van a aprender cousas que non saben e, si consenten a ser ensinados, é porque lles parece interesante o que o outro sabe, un interese que ocorre grazas o que chamamos transferencia co outro, por amor o outro, pola “motivación”, e dicir, por un desexo de saber. Entón, como aprender? Porque, aprenden a “súa maneira”. En primeiro lugar, aprenden sobre o que lles interesa, pero dificilmente sobre o que non lles interesa.

A persoa con autismo frecuentemente experimenta gran malestar e o que nos parecen “condutas estrañas” son as súas formas de tratamento a ese malestar: estereotipias, ecolalias, obxectos dos que non pode separarse. Entón convén acoller esta solución que o suxeito atopou por moi rara que lle pareza o “sentido común”, ao noso ideal de normalidade. Só partindo da súa solución se poderá atopar a solución. Iso é o que atopamos escoitando como “singularidade”.

Non hai saber sen satisfacción. Esta premisa confúndese coa idea un tanto pueril que hai que aprender divertíndose, pero en realidade e moito mais seria. Non hai dúbida de que un se achega o saber única e exclusivamente se dese achegamento se obtén unha satisfacción. No caso do autismo, o reto consiste en como desprazar a satisfacción solitaria e pechada en si mesma do suxeito con autismo cara á produción dun saber que lle permita estar no mundo, sostense nel.

A atención a pacientes é función do clínico, de cada un, porque segue ocorrendo que a relación médico paciente é iso, unha relación singular, un encontro de subxectividades a unha das que se lle atribúe un saber, e non afortunadamente a simple aplicación dun protocolo, cuxo valor derive, como un programa televisivo, da audiencia que reciba. Non é fácil conseguir a evidencia na ciencia. É mais difícil se ollamos a medicina e a dificultade increméntase extraordinariamente se nos centramos no psíquico.

É comprensible o sufrimento e a angustia de familiares de enfermos, pero non deberían mesturarse ansias e esperanzas non evidencias científicas inexistentes. É moi habitual, lamentablemente, que na clínica a alusión a evidencia científica esqueza demasiadas veces a ciencia que debería sustentala.

Na era dixital, todo o mundo esta obrigado a aprender o mesmo, o mesmo día e a mesma velocidade nunha clase. Pero cada persoa é diferente. A distancia entre a aprendizaxe na rede e como se fai na escola e cada vez maior. Ademais da imposibilidade de educar, a escola do noso tempo contempla outros

retos. O principal: empezar a aceptar que mais ca unha época de cambios, estamos asistindo a un cambio de época. Non se trata das técnicas nas aulas, con TIC, ordenadores etc., senón que os cambios teñen que ser mais profundos.

Un alumno díxolle a Humberto Eco: “Desculpe, nesta época de internet, vostede para que serve?” Os nenos aprenden cousas mais ala do pupitre. Os cambios que produce internet no campo do saber parecería que estarían dispoñibles automaticamente á simple demanda dun ordenador. Porén, que cambios supoñen para a educación con esta nova vía de entrada no saber? Que lle estaba dicindo realmente o alumno? Estáballe dicindo que xa non o precisaba porque agora existe internet ou estáballe demandándolle outras cousas? Quizais lle estaba dicindo que internet pode ser extremadamente valiosa, pero unicamente se se sabe o que se esta buscando. É aí onde a escola e o profesor seguen aínda mantendo a súa verdadeira importancia. Hai que preguntar que buscar ou que información seleccionar? Cal rexeitar, como contrastala ou relacionala? A rede pode converterse nunha ferramenta do mais daniña e no adolescente nunha metonimia infinita e un labirinto sen saída.

Bibliografía

- AICHOR, A. (2005): *Juventud desamparada*, Barcelona, Gedisa.
- ALTHUSER, L. (1998): *Ideología y aparatos ideológicos del estado*. Freud y Lacan. Ed. Buenos Aires. Ed. Nueva visión.
- BETTELHEIM, B. (2010): *La fortaleza vacía*. Barcelona. Editorial Laia.
- LAPLANCHE J. E PONTALIS, J. B. (2004): *Diccionario de Psicoanálisis* Buenos Aires: Editorial Paidós.
- EIPEA. Escoltant i pensant els autismes. Revista bilingüe (catalán e castelán) sobre os autismos, semestral, libre acceso e descarga gratuíta. Responsables: Susana Olives Azcona, Josep M^a Brun Gasca e Nuria Aixandre Rptger.
- ECO, UMBERTO. “De que sirve el profesor?” *La Nación*. Maio de 2007. Disponible en Internet.
- FREUD, S. (1998): “*Sobre la psicología del escolar*”, *Obras Completas*, Tomo XIII, Buenos Aires: Ed. Amorrortu.
- FREUD, S.: “Prefacio para un libro de Oskar Pfister”, *Obras Completas de Sigmund Freud*. Tomo XII. Buenos Aires: Ed. Amorrortu.
- FREUD, S. (1998): “34^a Conferencia”, *Obras Completas de Sigmund Freud*. Tomo XXII. Buenos Aires. Ed. Amorrortu.
- FREUD, S. (1998): “Pulsiones y destinos de pulsión”, *Obras Completas*. Volumen XIV. Ed. Amorrortu.

- Foro sobre Autismo ¿Insumisos de la Educación? Escuela Lacaniana de Psicoanálisis del Campo Freudiano. Barcelona, decembro, 2015.
- Foro sobre Autismo ¿Insumisos de la Educación? ELCF. Tomo II. Barcelona, 2018
- GRANDIN, T. (2006): *Pensar en imaxes*. Barcelona: Alba editorial.
- JIMENEZ CASAS, CIPRIANO L. (1987): “*As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia*”. Vigo: Xerais Universitaria.
- JIMÉNEZ CASAS, CIPRIANO L. (1990): La Contención. “Maud Mannoni: un lugar para la psicosis”. Asociación Española de Neuropsiquiatría. XVIII Congreso., p. 157. Madrid: Mariar, SA.
- LACAN en español. Breviario de lectura de Ignacio Garate y Jose Miguel Marinas. Madrid: Biblioteca Nueva. 2003.
- LACAN, J. (1991): El Seminario, Libro XVII, El reverso del psicoanálisis. Buenos Aires: Paidós, p. 193-194.
- LACAN, J. (2012): “*Acto de fundación de la Escuela Freudiana de París, Otros escritos*”. Buenos Aires, Paidós.
- LACAN, J. (1981): El Seminario, Libro XX, A ún. Buenos Aires: Ediciones Paidós, p. 9.
- LAURENT, E. (2014): *La batalla del autismo*, Buenos Aires. Ed. Grama.
- SINCLAIRE, J. (1993): *Don't mourn for us, in Our voice*, 1, 3.
- MALEVAL, J.-C. (2011): *El autista y su voz*, Ed. Gredos,
- MAREMAGNUM. Publicación galega sobre o trastorno do espectro do autismo. Director: Cipriano Luis Jiménez Casas., dispoñibles 21 números en Internet, desde 1997: www.autismogalicia.org
- PETEIRO, JAVIER. (2015): “Victima. La presión de las tecnociencias: habitar o ser rehen del cuerpo”, *Freudiana*, 73.
- RUIZ, IVAN. (2012): *Unes altres veus*. Teidees Audiovisuais.

AUTISMO E EDUCACIÓN

Iván Ruiz¹

RESUMO

Autismo e educación parecen de entrada contrapostos, pois para ser educado é necesario consentir o outro e a súa intención educativa. O suxeito autista formula, de entrada, xustamente este rexeitamento radical a toda demanda cara a el. Na infancia, as intervencións educativas xiran, a maior parte delas, arredor da regulación das pulsións corporais. O autista, enfrontado a un corpo sen subxectivar, radicalmente extraño para el, recibe a intención educativa do adulto coma se dunha intromisión no seu corpo se tratase. Na idade adulta, e nos casos de autismo máis resistentes a calquera tipo de tratamento, as expectativas sobre o suxeito decaen e as intervencións límitanse, nalgúns casos, a coidar a persoa nas súas necesidades máis básicas. As institucións orientadas pola psicanálise propoñemos tamén nestes casos a abordaxe terapéutica que deixe o educativo nun segundo plano para facer posible que xurda o suxeito, isto é, a súa relación coa linguaxe, co propio corpo, cos obxectos e cos outros.

O corpo no autismo

O epicentro do autismo e do seu tratamento atópase hoxe no educativo, máis concretamente na escola. Tendo en conta que o autismo está considerado maioritariamente como un déficit no desenvolvemento cognitivo do su-

¹ O autor é psicanalista en Barcelona. Membro da Escola Lacaniana de Psicanálise e da Asociación Mundial de Psicanálise. Director adxunto do Centre L'Alba (centro de día e unidade médico-educativa) para nenos e adolescentes con autismo e psicose. Coordinador do grupo de investigación sobre psicose e autismo na Sección Clínica de Barcelona do Instituto do Campo Freudiano. Coautor do libro *No todo sobre el autismo* (Ed. Gredos, 2013) e autor do documental *Otras voces*, unha mirada diferente sobre o autismo (Teidees audiovisuais, 2013).

xeito, a proposta é a reeducación e a escola é considerada o lugar desde onde levala a cabo.

As técnicas cognitivo-condutuais entraron na escola para quedar. Imos ver como cada vez máis as indicacións dos profesionais encargados do tratamento dos chamados autistas van trasladarse cara á escola. Pero como eles non van poder ocuparse de levalas á práctica, seralles encargado aos mestres. Eles serán os responsables de aplicar as indicacións de protocolo para os autistas que teñan nas súas aulas. Falamos en futuro a partir dunha realidade que xa coñecen moitos centros educativos do noso país.

Que lugar vai quedar entón para o saber dos mestres se a psicoloxía do protocolo para todos invade o seu terreo? Hai pouco, unha mestra explicábame arrepiada a indicación que os pais dunha alumna súa, con autismo, lle trasladaran á escola. Tratábase dunha indicación feita por un neuropediatra dun gran hospital de Barcelona que tiña como obxectivo deter a conduta repetida desta moza na escola e na casa. Levaba con insistencia a man á boca, obturándoa e producindo unha salivación constante. A súa recomendación foi a implementación dunhas férulas que lle immobilizasen os brazos e lle impedisen que levase as mans á boca. Aconselloulle á familia estas férulas para os brazos e indicoulle que a escola debía ser o lugar onde aplicalas o tempo que fixese falta. A mestra opúxose firmemente a esta indicación aínda que, cómpre dicilo, unha decisión coma esta non pode facerse sen a angustia por parte do docente.

Aí onde os psicanalistas situaríamos a posición autista desta moza, encerrada no seu corpo por medio dunha satisfacción constante que extrae tapoando o orificio da boca, expulsando e incorporando por ese orificio corporal unha substancia que provén do corpo, ese profesional considerábao unha conduta para erradicar a calquera prezo. Non había unha reflexión previa, unha elaboración atenta dunha cuestión complexa como é a relación dun suxeito autista. O corpo do suxeito autista é un corpo radicalmente estraño, difícil de interpretar cando dá signos de existencia, que non logra subxectivar nin, polo tanto, vivilo como propio; inquietante á fin e ao cabo. O corpo do autista, entón, non é vivido como unha superficie con buracos. Son xustamente os orificios corporais os que o autista vive con máis estrañeza e os que máis centran a súa atención, no seu corpo e no corpo do outro.

Se entendemos a topoloxía do corpo como aquela que presenta un dentro e un fóra, poderemos tamén aceptar que aquilo que entrou poida saír. O ciclo do alimento segue esta lóxica: aquilo que entra no corpo como alimento, sae del en forma de excremento, isto é unha parte do corpo da que o ser humano se separa. Para o autista que non subxectivou o corpo segundo esta topoloxía do buraco prodúcense dificultades para que o alimento entre pero, sobre todo, para

que saia, pois implica unha separación dunha parte corporal que, vivido así, non é tan soportable.

Convén engadir –debémolle a Freud o seu descubrimento– que a relación de todo suxeito con estes orificios do corpo implica unha satisfacción, como se dunha zona eróxena se tratase –tamén entón para comer, chupar, expulsar ou reter as feces etc.–. E así, no autismo, esta actividade corporal está separada tamén da satisfacción que levaría o suxeito a facer participar o outro que está con el. De que modo está implicada a educación en todo isto?

En todo programa educativo destinado á primeira infancia –incluímos aí a educación dos nenos diagnosticados de autismo– trátase principalmente de facer entrar o suxeito nunha regulación que lle permita ocuparse adecuadamente do seu corpo –na relación coa comida, no control de esfínteres, na obtención de satisfaccións de diverso tipo–. Se no autismo isto se converte nunha dificultade importante para os pais, para a escola, tamén para as institucións que se ocupan do suxeito na idade adulta, é porque o autista non mantén habitualmente unha relación co propio corpo que lle permita acceder a esta regulación, á domesticación das pulsións, como dicía Freud. A dificultade coa comida, co control de esfínteres, en suma, co coidado do propio corpo, pode estenderse durante toda a vida e necesitar sempre da intervención do adulto. E isto implica que, para o autista, a intención educativa, que sempre provén do outro, necesita dunha relación co propio corpo que debeu producirse xa.

A educación nas institucións para autistas

A presenza de psicanalistas en institucións que acollen suxeitos autistas é moi variada: nas escolas, en centros ambulatorios, de atención diúrna, en centros residenciais. Pero tamén profesionais diversos se orientan na psicanálise para acompañar o autista nos retos sumamente difíciles que en ocasións presenta. As importantes achegas do psicanalista Jacques Lacan aos descubrimentos de Freud son unha ferramenta epistémica clave para achegarse ao autismo.

Os psicanalistas lacanianos orientámonos polo síntoma do suxeito. Isto quere dicir que todo aquilo que trae o autista, por máis estraño que pareza, forma parte fundamentalmente de dous procesos que seguen o seu curso: por unha banda, o establecemento das defensas que lle permitan manterse fóra do lazo cos outros e, polo outra, a construción de modo de entender o mundo que o rodea e, eventualmente, que lle permita o intercambio cos outros. Son, en si, dous esforzos contrapostos: un, que o leva ao illamento; outro, que o empuxa a estar con outros. É fundamental illar a produción do autista en cada un destes sentidos para establecer aquela zona da subxectividade do autista que non debe ser erradicada polo feito de constituír a única defensa que el ten fronte á

presenza dos suxeitos que o rodean. E, tamén, para localizar esoutra zona de interese do suxeito que constitúe unha greta aberta, no que se denomina a burbulla do autista, e que implica en si mesma unha oportunidade para o intercambio co outro.

Cando nos referimos ao campo da educación, facemos presente, aínda sen sabelo, aquilo do que o autista máis se defende: a demanda do adulto cara a el. Poderíamos dicir que todo achegamento a un suxeito, sobre todo se este vai acompañado de palabras, implica unha demanda implícita, sexa a que sexa: escóitame, respóndeme, fai o que che pido ou, mesmo, quéreme ou acéptame. O contexto educativo, sexa na contorna familiar sexa na escola, presenta constantemente esta demanda. Para a psicanálise, calquera destas institucións que se ocupan dos chamados autistas debe deixar o máis posible esta intención educativa nun segundo plano pois, de non facelo así, o que se atopan a maior parte das veces é da defensa do suxeito fronte á demanda do outro. A súa resposta pode caer ou ben ao lado da hiperdocilidade ou ben do da agresión cara aos outros ou cara a si mesmo.

É posible, con todo, para as institucións que acollen no noso país suxeitos autistas e psicóticos, desprenderse do ideal educativo e operar a partir do síntoma do suxeito? Non é seguro. A esixencia de normalización do autista é enorme e, en ocasións, esta prodúcese a calquera prezo. A calquera prezo significa que non se toma en conta que, cando se erradicán as defensas que o autista puxo en marcha –certos rituais, percorridos ou xestos estereotipados, ecolalias etc.– para substituílas por condutas máis «normalizadas», o autista non soamente abandona esas condutas senón que tamén queda sen a estabilización que obtiña con elas e sen a investigación sobre o propio corpo, por exemplo, que ía asociada. Nos casos de maior docilidade do suxeito á intención educativa do adulto, a implementación de técnicas de reeducación arrasan, de maneira salvaxe, cos férreos recursos utilizados polo suxeito para fráxiles equilibrios.

Foi o caso de Álex, que recibimos na institución despois da aplicación de sesións de reeducación fóra da nosa institución, que xa non dispoñía dun modo propio de expresión da súa angustia –exercérase unha presión sobre el para que deixase as condutas que expresaban eses momentos– e empezara entón a repetir de maneira ecolálica e incesante frases sen sentido. Para esas técnicas reeducativas, a erradicación das estereotipias que expresaba en momentos de angustia fora un éxito do método. Pero non establecían ningún vínculo entre a ecolalia que apareceu despois e as estereotipias iniciais. Ademais, Álex buscaba neses momentos esconderse nun cuarto ou nun lavabo para repetir esas estereotipias sen que o adulto o vise. Non é seguro, entón, que a docilidade dun suxeito sexa a mellor resposta á intención educativa do adulto. Nalgunhas ocasións, a resposta agresiva, de rexeitamento radical do suxeito é o modo de máis

éxito de non deixar entrar nel a vontade de cambio que trae o adulto.

Que sucede cando a educación fracasa?

A infancia está a ser o campo de experimentación de múltiples técnicas e terapias para os autistas. Baséanse nunha presión enorme sobre as familias argüíndo que todo o que non se faga na infancia xa non haberá tempo despois. Para os pais convértese entón nunha conta atrás que vai acompañada de angustia e de culpabilidade de todo aquilo que non están a facer ou non fan suficientemente para tratar o autismo dos seus fillos. O problema máis importante que estamos a atopar está no momento en que eses nenos chegan á adolescencia e á idade adulta. As expectativas sobre a súa evolución diminúen, as respostas das abordaxes terapéuticas escasean e as institucións que se ocuparán destes suxeitos adultos reducen as súas intervencións ao coidado das necesidades máis básicas da persoa. Conviría engadir tamén que nalgúns casos os momentos de crises dalgúns autistas son abordados simplemente desde a contención física e medicamentosa, sen ningunha pregunta polo suxeito e polo que lle sucede.

Nesta situación, os psicanalistas alertamos que abandonar a abordaxe terapéutica do suxeito, isto é, do momento en que se atopa en relación coa linguaxe, ao propio corpo, aos obxectos, á súa relación co outro etc., é abandonalo no desamparo que leva o illamento cada vez maior e o enfraquecemento subxectivo progresivo.

Coñecemos un claro exemplo deste desamparo. O 24 de novembro de 2014, o Tribunal Supremo ditaminou en favor duns pais que denunciaran a vulneración grave dos dereitos do seu fillo para ser escolarizado. Nunha sentenza previa do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón, dábase a razón ao Departamento de Educación do Goberno de Aragón, que privara este mozo de seguir no centro educativo no que se atopaba debido aos episodios de agresividade cara aos outros e cara a si mesmo que ían en aumento desde que se modificaron os métodos educativos que se lle aplicaban. Os profesionais que atendían este mozo, cun diagnóstico de autismo, desaconsellaban a medicación e a saída que propoñía a Administración educativa á grave situación xerada na escola era ou ben medicación ou ben o cambio de centro. En concreto, recomendábase-lle un centro de día para o que non había prazas, especificaba a sentenza.

A medicación ou a derivación a un non-lugar son as dúas caras da mesma moeda, isto é, a segregación. Por suposto, este non é o único caso no noso país pero o que nos parece relevante é o modo como o Tribunal Supremo se posicionaba en favor destes pais. Por unha banda, recoñecendo a vulneración do dereito á integridade física do menor e do seu dereito para ser escolarizado e, polo outro, sinalando que a orixe da situación xerada non fora estudada sufi-

cientemente. Non parece que ninguén reparase no feito de que a agresividade deste mozo foi en aumento desde o momento en que se produciu un cambio de titora, así como dos métodos educativos que foran utilizados ata o momento. Se entendemos que o método está por encima do suxeito, se esperamos que o suxeito se adapte ao método e non á inversa, o primeiro que atopamos é a angustia no suxeito e a actuación do seu rexeitamento.

O desamparo no que se atopan cada vez máis algúns suxeitos autistas, así como os seus pais e os profesionais que deben tomar decisións ante situacións desta gravidade, vén do feito de considerar que, se os resultados da aplicación da reeducación acadan o éxito aparentemente, isto é un éxito do método, pero que o problema o ten o autista se a resposta do suxeito é o rexeitamento, a oposición ou a insumisión.

Coñecemos nas últimas décadas diversas reformas educativas nas que se busca sempre o mesmo: xeneralizar unha escola para todos, incluír a todos os suxeitos nun mesmo lugar, normalizar a situación de todos aqueles nenos que presentan unha diferenza en relación cos outros. Sen dúbida, o dereito á escolaridade, recoñecido polas Nacións Unidas, que se obtivo non hai tanto no noso país, permitiu que esteamos hoxe formulándonos a complexidade que implica escolarizar un suxeito con autismo. Porque cómpre dicir que o ideal dunha escola para todos leva implícito incluír o autista nese lugar común de identificación que é a escola. Pero como incluír un suxeito que non quere incluírse? Estamos nun momento en que canto máis destaca o discurso da inclusión e da normalización máis casos de inincluíbles vemos aparecer e máis situacións de urxencia se xeran.

Que esperar entón da educación en autismo? A resposta a esta pregunta é simple: pode esperarse todo da educación nos casos de autismo pero, tamén neles, atoparémonos co que Freud reservaba para esta tarefa imposible –dicía el– que é educar; atoparémonos cun ineducable que os suxeitos presentan de formas moi diversas. Non nos queda outra, entón, que seguir o autista naquilo que o ocupa. O educativo será de éxito se obtemos o consentimento do suxeito. Obter o seu consentimento implica estar atentos á súa resposta fronte á nosa proposta, tendo en conta que dicirlle si ao outro se produce en ocasións de maneira diferida. E tendo en conta, ademais, que todo vale para alongar esa zona de intercambio da que Éric Laurent fala no seu libro *La batalla del autismo*,² na que o suxeito autista se atopa co seu obxecto e espera e acepta a presenza do adulto.

2 Laurent, É. *La batalla del autismo*, ed. Grama. 2015.

Finalmente, se seguimos os avances máis recentes de Jacques Lacan, é dicir, aqueles que atopamos no seu *Seminario* dos anos setenta, podemos entender a educación dun modo sumamente interesante: o educativo, cando se produce, implica un anoamento novo entre o corpo, a satisfacción que se obtén del e a linguaxe que o determina. Para o autista, fale ou non, o educativo serviralle ao suxeito sempre que incida sobre o corpo á vez que o sitúe ás portas da palabra. Como levalo ata alí? Sen dúbida, contando con el.

AUTISMO: MÁIS ALÓ DA EDUCACIÓN*

Ana M^a Rodríguez Díaz

Profesora do Centro Educativo Menela de Vigo¹

RESUMO

“A cuestión dunha escola ou educación efectiva para nenos con TEA non ten que ver coa localización senón cos coñecementos e as Habilidades do persoal e coa flexibilidade da escola para adaptarse ás necesidades de cada neno con TEA” (Jordan e Powell, 1994). O DSM estendeu o termo “autismo” de forma tan ambigua e nada específica e como modelo de resposta estatística, ata transformalo en nese “trastorno do espectro do autismo” que os seus propios redactores están poñendo, como é ben sabido, cada vez mais en cuestión. Por outra banda, é suficiente e apropiado o sistema educativo actual ou hai que ir mais aló da educación?

1 A autora do artigo é Profesora do Centro Educativo Menela de Vigo, cuxa titularidade lle corresponde a Fundación Menela. Especialista en atención educativa do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA), desde o ano 1977. Coordinadora e formadora en cursos, congresos, xornadas e conferencias, dirixidos a profesionais e familias. Coautora, con artigos sobre autismo, en varios números publicados na revista Maremagnum.

* O artigo foi analizado e discutido por todo o equipo que forma parte do profesorado do Centro Menela: **Lourdes Martín Lorenzo**, mestra de Pedagogía terapéutica e licenciada en Pedagogía; **Berta Meijide Rico**, mestra de Pedagogía Terapéutica e licenciada en Pedagogía; **Bibiana Rodríguez Casal**, mestra de Pedagogía Terapéutica; **Pedro Martínez Iglesias**, mestre de Pedagogía Terapéutica; **M^a Antonia Paz Jiménez**, mestra de Pedagogía Terapéutica e licenciada en Psicoloxía; **Vanesa Castro Filgueira**, mestra de Pedagogía Terapéutica; **Amanda Lago Cabaleiro**, mestra en Pedagogía Terapéutica; **Amparo Maquieira Prieto**, mestra de Pedagogía Terapéutica e licenciada en Psicoloxía. Directora do Centro Educativo Menela.

Introdución

Como especialistas na intervención educativa con alumnado con TEA e grandes necesidades de apoio en todas as áreas relevantes da súa vida, cos coñecementos fundamentados nunha sólida preparación técnica e na atención directa diaria, cuestionamos o sistema de inclusión educativa actual. É posible traballar a inclusión no seu sentido máis amplo (educativo, social, cultural) desde un centro de educación especial, onde moitos nenos e adolescentes gozan dunha calidade de atención educativa e calidade de vida que dificilmente poderían encontrar noutras contornas.

As boas prácticas para a inclusión, a día de hoxe, non están directamente relacionadas co lugar no que se desenvolvan: unha persoa con TEA e grandes necesidades de apoio pode estar máis segregada nun contorno ordinario por carecer a súa educación do equilibrio necesario entre os seus tres grandes piares: presenza, participación e desenvolvemento. O alumno con TEA e grandes necesidades de apoio, escolarizado nun colexio ordinario ou nun centro específico, é parte dun único sistema educativo: un sistema que debe potenciar espazos e relacións educativas ricas en experiencias e desenvolvementos persoais e sociais, no que cada un poida desprezar as súas potencialidades, co fin de alcanzar resultados persoais desexados e, polo tanto, unha maior calidade de vida.

Autismo: complexidade do trastorno e intervención educativa

No Centro Menela, C. leva uns días ansioso. Non sabe, non ten a seguridade de que vai poder ir de visita á casa dos seus pais este venres. Non pode centrarse en aprender e encérrase en preguntas repetitivas incesantes: “Vou a casa, non?”, “Vou xogar co móbil de mamá o venres?”, “Vou cear macarróns coa miña nai o venres?”, “Vou imprimir o sábado coa miña irmá?”. “Non! Saca casa e pon...”. Móstrase insistente nestas preguntas e noutras máis porque teñen que ver coa súa propia vida e sente que as eleccións pouco teñen que ver cos seus desexos. Non é actor na súa vida. Depende da vontade e posibilidade da súa familia que, de cando en vez, solicita aprazar a visita.

Para C., xa nada é fiable. Nada é predicible. Non lle gustan os cambios e menos aínda as sorpresas. Aínda que lle gusta visitar a súa familia, o que precisa, sobre todo, é saber o domingo, cando regresa á súa casa de acollida, se vai volver o venres ou non. Ninguén llo pode asegurar. C. necesita controlar a súa vida e desfruta consultando os diferentes calendarios adaptados que lle deseñamos nos que aparecen as actividades que sabemos que lle esperan esa semana, ese mes, tanto dentro como fóra do centro. Necesítalo tanto que puxo todas as súas habilidades para crear os seus propios apoios: malia á súa importante discapacidade intelectual, aprendeu a ler “case” só, para poder inter-

pretar as quendas da súa casa de acollida e para ler a revista de programación da tele que mira de arriba a abaixo con gran dedicación e esmero, e que lle serve como cronograma para anticipar a súa vida: “Venres *Luar!* Casa mamá! Mércores a *Champions* con José no sofá!”. Tampouco se nos ocorrera ensinarlle a correspondencia das horas entre a lectura do reloxo dixital e o analóxico e tivo que arraxarse el só para interpretar que “as 22:00 horas eran as 10 da noite”, etc.

Actualmente con internet, para que serven os educadores? Parecería que os nenos puideran valerse a través deste sistema incrivelmente. Fantástico! Porén, internet pode ser extremadamente perigoso ou mesmamente inútil se non se sabe o que se esta buscando ou como se selecciona o que se pretende o tempo que se contrasta. (Cipriano Jiménez)

Neste punto tamén é válido que hai un mais aló de internet, como hai un mais aló da educación, cando nos situamos no campo dos autismos. Coa especialización e a experiencia, este “trastorno” tan desconcertante aparece coa súa lóxica nada absurda aínda que difícil de comprender para nós os sociais.

O trastorno do espectro do Autismo defínese polas condutas observables: soidade autista, necesidade de inmutabilidade ou invarianza, medo aos cambios, falta de habilidades no uso e comprensión da linguaxe, intereses restrinxidos, uso pouco axeitado dos obxectos, estereotipias, trastornos sensoriais e dificultades sociais que aparecen a través das súas dificultades para iniciar e manter a interacción, para realizar tarefas de teoría da mente e poder ter empatía, contextualizar..

O encontro con eles pode resultar desconcertante porque, como di Reboiras: “O autismo é críptico: mostra o seu lado oculto”.

Precísanse coñecementos especializados e unha sensibilidade especial para darse de conta da lóxica desas condutas tan idiosincráticas e prestarlles toda a nosa atención. Descifralas e comprendelas vai ser a única maneira de penetrar no mundo interior do neno. Non é tarefa doada, aínda que extremadamente importante. Moitas desas condutas peculiares foron construídas por eles mesmos, para protexerse do caos que tanto sufrimento lles xera. Son barreiras de protección. Non se trata, polo tanto, como antigamente, de educar para reducir os síntomas, senón de escoitar ao neno e tratar de entender o rol que compre no seu equilibrio emocional. Só despois imos poder tratar de substituír esas condutas por outras, coa mesma eficacia, pero máis descifrables e menos perigosas para el mesmo e/ou os demais. Son persoas, persoas de relación, e só cando logremos o vínculo con eles poderán darnos o “seu consentimento para aprender” con nós.

“O suxeito con autismo frecuentemente experimenta malestar, e o que nos parecen condutas estrañas son as súas formas de tratamento a ese malestar: es-

tereotipias, ecolalia, obxectos dos que non poden separarse... Entón convén acoller esta solución que o suxeito atopou por moi rara que pareza o “sentido común”, o noso ideal de normalidade e, só partindo da súa solución, se podera atopar a solución.” (Cipriano Jiménez).

No campo da educación estamos asistindo a un proceso profundo de transformación de cultura e de prácticas para poñer no centro á persoa con autismo e discapacidade intelectual, e vincular os apoios ao proxecto de vida elixida (por eles e/ou os seus tradutores vitais). Pasamos dunha cultura educativa que miraba a limitación e a patoloxía, a outra mirada que pon o foco na persoa, no seu proxecto de vida, os apoios que precisa e os seus dereitos.

“Comprometerse, [...] desde a educación, co proxecto de vida de cada neno é moi diferente a meramente xestionar un currículo preestablecido.” (Luis Simarro).

Desde o Centro Menela pensamos que esta transformación é a única vía e que a única educación posible para un neno con autismo é a que sexa capaz de achegar un valor positivo á súa vida. Os alumnos que recibimos rebotados de primaria ou por non terse incluídos na ESO dedicaron moitas horas a tarefas demasiado pouco significativas.

L., por exemplo, tivo que aprender a copiar en clase de mates do 0 ao 99 porque era parte do currículo oficial (mentres o resto da clase seguía a súa aprendizaxe) e converteu a “palabra-sensación” 99 nun sinónimo de moito. Ante as nosas propostas suplicaba “99, non!”. Coa axuda da súa familia, a súa historia escolar e a relación con L., puidemos interpretar esa construción da linguaxe onde a palabra, máis que concepto, é sensación. Comprobáramos que coñecía perfectamente o que era un globo terráqueo e descoñecía palabras usuais como laranxa, fútbolín... Atrapado nun caos imprevisible empregou, os números para controlar a súa vida. Con ansiedade adoitaba dicirnos “4.1”, “5.0” ou “3.2”, sen que puidésemos saber que o inquietaba. Consultábase os resultados deportivos da xornada e nada tiñan que ver. Máis interesado ca nós pola comunicación coas persoas que lle axudaban a transitar pola vida, ensinounos un calendario. Puidemos deducir que necesitaba tanto anticipar e controlar a súa vida que inventara ese sistema de números para plasmar días lectivos e non lectivos da semana! Non sabía os días da semana e transmitía “cos seus propios códigos” as súas preocupacións.

Na educación ordinaria, adoitamos partir de determinados supostos, habilidades e coñecementos regrados que se aprenden na escola e outros que xorden da vida cotiá, coa familia, na tele... Pero as persoas con autismo necesitan que se lles ensine de forma explícita o que normalmente non se explica nin ensina.

A., un adolescente con Autismo e discapacidade intelectual lixeira, foi capaz de aprender, a pesar da intensidade do seu autismo, que certas cousas que dicimos poden incomodar ou ferir ao outro. Despois de moitos *role-playings* e aprendizaxes explícitas parecía poder inhibir as súas producións en función do interlocutor, pero non era así. El di de si mesmo que é auténtico e quere manterse auténtico, polo que decidiu dirixir comentarios molestos ao outro, pero, iso si, precedido de “non quero ofenderte pero...”. E tras ese “non quero ofenderte” pode dicir “pero falas mal, estás moi gordo, es un burro!”. Aínda precisa aprender que non sempre un pode ser tan auténtico, que tamén temos que ser capaces de ter empatía, de adaptar o noso discurso ao discurso do outro... Hai que ensinarlle de forma explícita e clara que todo o que pretenda dicir que precise un “non quero ofenderte” diante non se pode dicir porque ofende. Ser “auténtico” non sempre facilita as relacións.

Un rapaz con Asperger que sabía moito de trens, tipos de vagóns, vías e horarios, e xestionaba a súa vida en función da vida da estación, quedouse asombrado vendo á súa nai chorar. Incredulo dille: “Tes unha billa nos ollos!”. Podía aprender moitas cousas, tiña intelixencia e intereses, pero o máis relevante para mellorar a súa calidade de vida (CDV), sería unha aprendizaxe especial sobre sentimentos e emocións.

En realidade, todos necesitan moita excelencia nos profesionais e nos seus pais, necesitan que os coñezamos e comprendamos ben, que pensemos desde “o seu interior” para poderlles dar a educación que lles permita verdadeiramente reforzar as súas relacións sociais.

A súa educación axeitada afástase a miúdo do que establecen os currículos ordinarios e debe apuntar cara ás habilidades e coñecementos que poidan facer para eles que a súa vida teña máis calidade.

O modelo que ten que ver e orienta as nosas formulacións é o modelo de calidade de vida. Ese modelo busca a felicidade presente e futura de cada alumno con autismo e que, para iso, pon o acento en áreas ou habilidades como a autodeterminación, as relacións sociais e a comunicación. O relevante non son os recursos que teñamos senón o que facemos con eles e cara a onde os usamos: cara a resultados persoais ou cara a fitos do currículo?

Nós preferimos que adquiran aprendizaxes que lles fagan a vida máis fácil e desexable, e por iso apostamos nos nosos obxectivos pola consecución de “resultados persoais”, é dicir, “esas aspiracións de CDV referidas e valoradas persoalmente”. Pensamos que é importante darlle prioridade a súa felicidade e singularidade porque non o poden aprender todo. Enfocar as aprendizaxes que lles axuden a xestionar as cousas que queren que lles ocorran na súa vida e que, unha vez acadadas, logren que a súa vida sexa mellor é a nosa meta.

Educación orientada á calidade de vida

En 1992, revisado en 2002 e 2012, a AAIDD (Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento, 2011), introduce un novo paradigma:

A Discapacidade non é unha característica da persoa, senón máis ben un estudo do funcionamento resultante das interaccións entre as demandas derivadas do seu entorno e as habilidades da persoa.

O contorno concíbese como axente decisivo no funcionamento do suxeito.

A definición emprega máis a palabra funcionamento ca intelixencia, e promove o concepto de “apoios” que xorde como “mediador” entre as capacidades dun individuo e as demandas do contorno.

O concepto de apoio, tan doado de entender cando se refiren ás necesidades das persoas con discapacidades físicas ou sensoriais, resulta máis difícil de comprender e visualizar cando se trata de persoas con discapacidade intelectual. O apoio enténdese como “todos os recursos e estratexias que pretenden promover o desenvolvemento da persoa e mellorar o seu funcionamento persoal” (AAIDD).

Para as persoas con discapacidade física, as barreiras son físicas/espaciais; para as persoas con autismo son culturais (adoitan ser rexeitadas), sociais (non teñen un comportamento dentro do normal), cognitivas (non saben o que se espera deles e como deben actuar), de actitude (as persoas pensan que deben estar en institucións para elas)... Os apoios para estas persoas somos as persoas, como intérpretes culturais e tradutores vitais, e as claves visuais (pictogramas signos, SSAAC, marcadores, sistemas de traballo...).

Máis ca nunca, como di Rita Jordan, pensamos que “a inclusión non é un lugar...”, porque se pode estar, participar e aprender se as condicións do contorno o permiten no contexto educativo, sexa este cal sexa.

A definición pon o foco nos profesionais, nos pais, nos grupos de apoio que, antes de dicir que “Juan con Autismo non pode...”, deberían esgotar todos os apoios posibles para facer que poida. O contexto pódese cambiar, adaptarse e transformarse de forma que facilite o funcionamento do neno con Autismo.

“Ningunha discapacidade é absoluta e sempre coexiste coa capacidade” (Josep Brun). Brun fala da “impensable aceptación da saúde no enfermo...” e da necesidade de “poder rescatar no pensamento da mestra a parte sa que todo neno ten... e axudarlle a apelar a esa parte, por grave que sexa a súa patoloxía, dialogando e relacionándose con ela, o que é unha boa maneira de que esta

parte sa creza e deixe de estar invadida, no neno, polos aspectos máis patolóxicos.”

O novo paradigma de “apoios” é optimista e devolve á persoa a posibilidade de alcanzar metas que non dependen tanto dela como dos apoios que lle brindamos. A responsabilidade está nas nosas mans.

C., cuxa calidade na súa vida depende de poder dedicar tempos do seu tempo libre a buscar en Youtube cachiños de programas que lle fascinan a nivel sensorial, aínda non adquiriu a escritura pero si un bo nivel de lectura (cunha carpeta na que aparecen en maiúsculas os nomes do que quere encontrar, non precisa da presenza do outro para escribir no teclado). Logra realizar un ocio practicamente autónomo e para el gratificante.

D., é un adolescente de 18 anos que necesita apoios visuais para seguir as rutinas de traballo xa que presenta unha alteración importante na función executiva. É capaz de limpar o carro da cociña con esmero e dedicación seguindo a súa axenda de traballo de cinco pasos onde lle indican por escrito o que debe facer. Algo tan sinxelo como 1- Baleiro o carro de obxectos, 2- Boto o xabón, 3- Limpo cun trapo húmido, 4- Seco con papel e 5- Meto o carro na cociña. Posiblemente chegue a facelo sen apoio visual, pero o ter unha atención dispersa estes pasos que el coloca previamente e vai eliminando da lista despois de cada execución, ata o momento axúdanos a ser autónomo e realizar a tarefa correctamente.

A., é unha adolescente con gran hipersensibilidade auditiva e, en moitos casos, selectiva. Non sempre manifesta nela esa sensación dolorosa ante certos estímulos sonoros. Como nos dicía Olga Bogdashina con respecto as persoas con autismo, a súa hipersensibilidade flutúa ante un mesmo estímulo auditivo. Pode alterar o seu estado emocional a respiración concreta dun compañeiro ou a pronunciación dunha sílaba por parte do outro e, non obstante, apenas queixarse nuns grandes almacéns ou rúidos de tráfico. Pode ser igualmente moi angustioso o ruído das obras do piso de arriba que a fan estar alterada todo o día recordando que o vai padecer cando chegue a súa casa. Ante estas situacións fai unha forte presión nos seus oídos e non pode atender a ningunha outra demanda. Por iso que mellor que ofrecerlle como apoio uns cascos cunha amortecemento do para favorecer o seu benestar emocional e así ter as súas mans máis libres para seguir a súa vida diaria?

S., escolarízase no centro a idade de 15 anos. Ten grandes necesidades de anticipación e cústalle terriblemente aceptar espazos novos. Ansiosa e atemorizada expresaba a súa negación con condutas problemáticas de diversos tipos. Tendo en conta os seus medos e as súas incapacidades para comprender o simbólico, a súa titora opta por usar o apoio da “linguaxe de obxectos”. S. tiña que pór sempre o mesmo anorak rosa para vir o cole. Este abrigo acabou conver-

téndose para ela na primeira clave con significado. Pouco a pouco foi comprendendo máis claves deste tipo (traxe de baño = piscina, tupper = aperitivo...) e a súa titora intenta introducir unha modalidade máis completa a través de fotografías en cor e de gran tamaño para ir substituíndo a anterior. Por desgraza, recentemente e por razóns de organización, trasládase á piscina, coa súa foto de piscina, en furgoneta (S. vai sempre en autobús co resto dos compañeiros do colexio). Cando ten que apearse para entrar no pavillón municipal, expresa un enfado extremo e négase a baixar e a titora dáse de conta de que “a linguaxe de obxectos” segue prevalecendo sobre as fotografías.

Ata hai pouco (e aínda hoxe en día) destináronse moitos recursos a dar apoios pero moi poucos para transformar de maneira positiva o contorno e cambiar o seu funcionamento para permitir a súa participación. “Que acade a felicidade. Hai que ser útil para que a existencia sexa verdadeiramente recoñecida”. (Cipriano Jiménez)

Nos seus cursos de formación para profesionais, Theo Peeters dedica un número de horas considerable a traballar sobre a “adaptación práctica de contornas amigables” para 4 ou 5 alumnos con autismo. A partir dunha descrición dos alumnos hipotéticos da aula e en función das características que detalla (sensoriais, de comportamento, cognitivas, de atención...), os estudantes deben organizar fisicamente a aula, colocar o mobiliario, ter en conta portas e ventás, axentes de distracción...Para el, trátase de enfocar a “pre-educación” que repousa sobre tres piares fundamentais, crear posibilidade no espazo, no tempo, así coma crear actividades e tarefas que lle permitan o rapaz funcionar de xeito autónomo cos apoios que precisa. Ter éxito non sempre depende da capacidade.

É importante que creamos no neno e tamén no que facemos: a confianza é esencial. “Puxémonos outros lentes que nos fan ver as cousas doutra maneira, fannos entender que temos que transformar as prácticas e manter as boas.” (Tamarit).

Para poder dicir que un servizo que atende a persoas con autismo é un servizo de “calidade” non só se debe atender aos recursos que posúe, á atención que ofrece ou a se se cumpren ou non os obxectivos establecidos, porque todo pode ser moi importante e non selo en función do impacto que vai ter ou non na calidade de vida de cada persoa. Só poderemos falar de calidade cando comprobemos que un cambio positivo veu mellorar a vida da persoa. A calidade dun servizo, máis que na calidade de xestión, que tamén é importante, asenta e establécese en función da vida de calidade que a persoa recibe e percibe.

FEAPS (Confederación Española de Organizacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual) define a misión de educar, no seu libro *La Educación que queremos*, como “conseguir que a persoa teña poder para, cos

apoiros necesarios, construír, desenvolver e defender o seu proxecto de vida en contextos de convivencia xustos, contribuíndo á riqueza humana e á transformación cara a unha sociedade de excelencia moral.”

Porén, como di Rita Jordan, “a principal intervención para os nenos con autismo é a educación: desenvolver ferramentas para a aprendizaxe da “autodeterminación”, para o coñecemento e o exercicio dos dereitos”.

“O mellor que o mundo ten está nos moitos mundos que o mundo ten.” (Eduardo Galeano).

O reto da inclusión: Onde?, Como?, ¿Cando?

O movemento cara á inclusión educativa defende o dereito dos nenos, de calquera neno, a escolarizarse e educarse en contornas naturais, contornas ordinarias ou o menos restritivas posible. É un dereito que recolle a nosa lexislación e un modelo de sociedade que podería parecer máis xusta.

O CERMI (Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade) sinala incluso a necesidade de lle poñer data de finalización a calquera estrutura ou modalidade de “educación especial”, que supón a segregación de parte do alumnado con discapacidade, alegando que, en referencia á Convención da ONU (2011), é inadmisíbel e atenta contra os dereitos humanos das persoas con discapacidade.

No Documento de posicionamento *Respecto do documento sobre educación inclusiva do CERMI e a súa proposta de que os centros de educación especial estean pechados en 2020* de Autismo España, ratificado por Autismo Galicia, realízase unha interpretación do artigo 24 da Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade que fan certos sectores, xa que o que recolle a Convención é que a escolarización nun centro de educación especial non pode considerarse unha opción válida: “Cando a decisión repouse nunha falta de adaptación dos centros ordinarios, por unha ausencia dos axustes razoables e do deseño universal nos espazos e nos procesos”, pero, coma nós, Autismo España defende que “non se pode pasar do recoñecemento dun dereito a unha imposición, transformándoo no exercicio obrigatorio dunha conduta e dun único modo de proceder” e tamén que:

A escolarización en educación especial sería unha opción válida e axustada á Convención cando, logo de dispoñer nos centros ordinarios todas as medidas e axustes razoables para ofrecer unha educación inclusiva, o alumno resulte mellor atendido en función das súas necesidades individuais e do seu interese superior nun centro onde a educación se imparta nas linguaxes, modos e medios máis apropiados para cada persoa e no contorno que permite alcanzar o seu máximo desenvolvemento académico e social. (Artigo 24.3.c da Convención)

Para atender ao alumnado que se escolariza no noso centro, nenos e nenas con autismo e graves NNEE de apoio, a escola que coñecemos como ordinaria necesitaría de grandes transformacións: reflexións a redor da súa finalidade, organización, formación dos profesionais, traballo en equipo de colaboración coas familias, outros docentes... Para moitos nenos que pasaron pola nosa escola, esta supuxo un medio para potenciar as súas aprendizaxes, un contexto que lles ofreceu grandes oportunidades de participación e que sempre estableceu para eles as medidas de acceso necesarias a contornas normalizadas.

A inclusión é, desde logo, a opción desexable pero paso a paso e, como lle dixou unha usuaria a un profesional: “Déanse présa porque a vida pasásenos e non podemos estar esperando toda a vida sen tela”.

A nós non nos preocupa tanto o onde como o como e o cara onde. As vantaxes da inclusión nunha escola ordinaria non poden ser a custa de pasar por alto as “necesidades reais” do neno e os apoios que necesita para vivir mellor. **Estamos ante moitos nenos que sofren cada día.**

Defendemos como exercicio de liberdade do usuario ou dos seus pais ou representantes legais que a “decisión de adscribir ao alumnado con discapacidade a un ou outro tipo de escolarización pertenza á familia, ao escolar se é maior de idade...” (Autismo España), pero confiamos en que unha variedade de sistemas na escola única é a que mellor pode satisfacer a gran variedade de necesidades das persoas con autismo.

Gustaríanos recordar que a decisión sobre a modalidade de escolarización (centro ordinario ou centro de educación especial, aula estable, combinada...) non é unha decisión inamovible, xa que sempre é revisable. Cando se trata de orientar e elixir o sistema educativo para un alumno con autismo pequeno, a indicación do equipo de orientación específico adoita recomendar a escola ordinaria porque a súa aceptación e adaptación parece *a priori* máis fácil. Por que poñer altas expectativas nesa etapa nun ambiente normalizado e non nunha ensinanza especializada, que intervindo de maneira temperá, podería preparalo mellor para desenvolverse en inclusión e preparar o contexto ordinario cos coñecementos que ten sobre o neno e as súas necesidades?

Non existe o mellor lugar. Todos poden ser un bo ou mal lugar, porque traballar na educación de nenos con autismo non é fácil. É moito máis que unha localización: é unha actitude por parte de todos de eliminación de barreiras para a aprendizaxe e a participación social.

No seu libro *La educación que queremos*, FEAPS preguntase:

Que significa inclusión en educación? É fundamentalmente participación en e da comunidade na súa totalidade. Mediante o diálogo, a

aprendizaxe interactiva, a eliminación de barreiras á presenza, participación e aprendizaxe, a aprendizaxe de colaboración, a aprendizaxe con e dos demais, a crenza nas posibilidades do ser humano. É permitir que a escola se abra a todos, crer no valor dos alumnos, do profesorado e das familias, proporcionar os apoios a todos aqueles que o necesiten (para os alumnos dentro da aula), compartir espazos de aprendizaxe con outros adultos, crer no poder de transformar a sociedade, impulsar escolas en onde todos se sintan parte dunha comunidade que se desenvolve e avanza. É accesibilidade e tamén recursos. É calidade de vida para todos. Implica compromiso, ética, xustiza, equidade, dedicación, liderado, consenso, mediación. É apostar, en definitiva, por unha educación de calidade, tendo como meta o éxito para todos nunha escola para todos.” (FEAPS, 2009: 105)

Estamos de acordo, pero o determinante da “educación” hoxe en día non é o lugar, porque a presenza, a participación e a aprendizaxe que debe garantir a “inclusión educativa” se asenta na idoneidade da resposta educativa e nas súas metas.

Nas formacións que impartimos a grupos de profesores de colexios ordinarios a través do proxecto COÑECETEA, escoitamos inquietudes, queixas e temores que expresan con preocupación moitos profesionais: uns séntense desbordados pola presenza dun neno con autismo e problemas de comportamento na súa aula, outros pregúntanse sobre a ética e pensan que non atenden convenientemente nin a uns nin a outros, todos queren formación e asesoramento, e piden, en xeral, “receitas”.

É difícil asesorar tratando de non dar uns procedementos pechados, porque cada neno é único e cada relación neno-educador e neno-nenos, tamén. Dalgunha maneira escoitamos que a “inclusión” aínda non é real, quédase en “declaración de intencións”, encerrase nun discurso “politicamente correcto” e en “solucións de compromiso”, porque moitos dos nenos con autismo e necesidades de apoio graves e permanentes só logran estar presentes, pero participan e desenvólvense pouco.

Para impulsar o desenvolvemento dun neno con estas características de pouco valen os nosos saberes e experiencias previos e diso as familias tamén saben moito. Todos nos sentimos despoixados do noso saber ante eles e necesitamos escoitar ao neno e “axuda externa” dun compañeiro, un coordinador ou un asesor que nos axude a repensar a relación. A técnica e a especialización poden axudarnos e actuar como un terceiro nesa relación dual, pero a ninguén lle resulta fácil comprender o que o neno sente e fai e o que nos fai sentir.

Temos que recoñecer que o titor ou PT do neno con autismo está a miúdo moi só porque na escola ordinaria o neno aínda é raras veces de todos.

Boas practicas no Centro Educativo Menela

No noso centro escolarízanse nenos e adolescentes moi diferentes entre si. Todos teñen autismo e grandes necesidades de apoio en todas as áreas relevantes da súa vida, cada un é único e todos son educables, pero temos que transformar sempre as nosas prácticas e manter, como di Tamarit, **as boas**:

- Traballamos en equipos de colaboración: pais e profesionais.
- Cuestionamos diariamente as nosas actuacións, compartindo dúbidas e inquietudes con compañeiros a soas, nos nosos escritos, con outros profesionais...
- Tomámonos especialmente en serio a nosa **formación continua**.
- Elaboramos plans individuais flexibles e revisables sempre que sexa necesario, que, ás veces, implican a todo o profesorado.
- Enfocamos a educación cara á calidade de vida de cada alumno e perseguimos, polo tanto, con eles e os seus familiares que acaden os resultados persoais que cremos que poden anhelar. Deseñamos, avaliamos e redeseñamos apoios individualizados:

- Apoios persoais na figura dos profesionais do centro. Os nosos nenos adoitan establecer o primeiro vínculo, ou os primeiros, co adulto de referencia. A diferenza de outras escolas, na nosa hai unha **grande estabilidade** do profesorado e a relación ten a continuidade necesaria. Pouco a pouco ímonos convertendo nos seus intérpretes culturais e nos seus “tradutores vitais”, en equipo coa súa familia, á que escoitamos, sensibilizamos e informamos desde un profundo respecto, “sabendo que eles son os expertos no seu propio fillo” (Theo Peeters).

Nós só somos especialistas en autismo, en principio. A relación coa familia merecería un capítulo á parte: é un aspecto esencial e moi sensible no proceso educativo enfocado cara á calidade de vida do neno para hoxe e para mañá. Non se trata de competir, rivalizar ou xulgar a uns pais tan doídos por un trastorno de relación tan desconcertante e opaco que fai que, a miúdo, se sintan “separados ou pegados” á vida e afecto do seu fillo.

Os nenos con autismo saben a quen queren na súa vida: só a aqueles capaces de melloralala.

- Apoios visuais, mediante os cales “traducimos” todas as nosas propostas para facelas accesibles e menos abstractas. Usamos SSAAC para a comunicación, estruturación visual na disposición das tarefas previamente desagregadas por pasos, representacións analóxicas máis concretas para transmitir e comprender as emocións, depuramos as fichas para facilitarlles a súa comprensión, adaptamos os espazos de traballo para que poidan ter máis éxito e sentirse máis útiles e socialmente recoñecidos, marcamos portas e espazos para facilitar a súa autonomía nos desprazamentos, na orde, etc.
- Apoios naturais, que xorden en calquera lugar de vida: monitores de piscina, cociñeira, conserxe, quiosqueiro, libreiro, camareiro, compañeiros do centro, voluntarios...

Aproveitamos as contornas naturais, as propias do centro e as da comunidade para iniciar e xeneralizar o aprendido e a nosa aula é “a cidade”, “o barrio”, onde imos facendo un traballo de divulgación e sensibilización dos diferentes axentes sociais. Mediamos na súa presenza na comunidade cando é preciso, para garantir a súa participación desde os seus dereitos, pero tamén desde o respecto e a dignidade.

Pouco a pouco convertémonos todos en expertos creadores de **oportunidades**, velando sempre polo correcto desenvolvemento das experiencias. A boa imaxe é esencial.

- Apoios físicos e sensoriais, para facer dos espazos de convivencia contornas **amigables** para o neno con autismo: fáciles, comprensibles, anticipatorios e ergonómicos.
- Dámoslles prioridade ás aprendizaxes funcionais e tratamos de non apuntar cara ao que nos convén aos outros, senón a esas aprendizaxes que lle poden dar máis significado e utilidade ao que aprende e fai.

Conclusión

Esa é, a grandes trazos, a nosa maneira de traballar e de colaborar á transformación social, apostando á vez por unha educación de calidade.

O orgullo é propio, é interno, non é o recoñecemento nin o aplauso dos demais. É o sentimento que un ten internamente polas cousas que fai. (Carlos Slim, número 1 na clasificación dos máis ricos, por diante de Bill Gates, en marzo de 2010, segundo a Revista FORBES).

A escola inclusiva é unha meta, un horizonte cara ao que moitos queremos avanzar e no que nunca nos damos por satisfeitos co que logramos. Por favor, paso a paso e sen recortar dereitos e liberdades.

Houbo unha época no que o inconcibible se fixo concibible e ocorreu o imposible. (Arundhati Roy). Oxalá...

Bibliografía

- AMERICAN ASSOCIATION ON INTELLECTUAL AND DEVELOPMENTAL DISABILITIES (AAIDD, 2011). *Discapacidad intelectual*. Madrid. Alianza Editorial.
- AMERICAN PSYCHIATRIC ASSOCIATION (APA, 2013). *Diagnostic and statistical manual of mental disorders*. Ed. Arlington.
- ARASAAC.ORG. (2018). ARASAAC: *Aragonese Portal of Augmentative and Alternative Communication*. Disponível en: <http://www.arasaac.org/>
- ARUNDHATI, ROY. *El dios de las pequeñas cosas (The God of small things)*, 1997). Premio Booker. Barcelona. Anagrama compactos.
- ASEMBLEA XERAL DAS NAÇÕES UNIDAS (ONU, 2006). Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad.
- BAUMGART, D., JOHNSON, J. E HELMSTETTER, E. (1996). *Sistemas alternativos de comunicación para personas con discapacidad*. Madrid. Ed. Alianza.
- BOGDASHINA, O. (2007). *Percepción sensorial en el autismo y Síndrome de Asperger*. Autor-Editor.
- Boletín Oficial del Estado* (BOE, 2013). Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa (LOMCE).
- BRUN GASCA, J. M. (2016). Autismo na escola. *Revista eipea – Escoltant i pensant els autismes*.
- CARR, E. G., LEVIN, L., MCCONNACHIE, G., CARLSON, J. I., KEMP, O. C. E SMITH, C. (1996). *Intervención comunicativa sobre los problemas de comportamiento*. Madrid. Ed. Alianza.
- COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD (CERMI, 2013). El CERMI reclama al Senado cambiar la LOMCE para que asuma realmente la educación inclusiva.
- CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA. *Documento de Posicionamiento Confederación Autismo España*. Respecto del documento sobre educación inclusiva del CERMI y su propuesta de que los centros de Educación Especial estén cerrados en el 2020.

- CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORGANIZACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (FEAPS, 2009). *La Educación que queremos. Situación actual de la Inclusión Educativa en España*.
- CUESTA, J.L. (2009). *Trastornos del Espectro Autista y calidad de vida*. Ed. La Muralla.
- DE CLERCQ, H. (2012). *El autismo desde dentro: una guía*. Ed. Autismo Ávila.
- EIPEA. Escoltant i pensant els autismes. Revista bilingüe (catalán e castelán), sobre os autismo, semestral, libre acceso e descarga gratuita. Responsables: Susana Olives Azcona, Josep María Brun Gasca y Nuria Aixandre Rotger.
- FRITH, U. (1991). *Autismo: hacia una explicación del enigma*. Alianza Editorial.
- GALEANO, EDUARDO. *Los hijos de los días*. Editorial Siglo XXI, 2012.
- GALEANO, EDUARDO. “El libro de los abrazos”. Editorial Siglo XXI, 1993.
- GRANDIN, T. (2006). *Pensar con imágenes: mi vida con el autismo*. Barcelona. Alba editorial.
- JIMÉNEZ CASAS, C. L. (1987). *As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia*. Vigo. Xerais Universitaria.
- JIMÉNEZ CASAS, C. L. (1990): *La contención. Maud Mannoni: un lugar para la psicosis*. Asociación Española de Neuropsiquiatría. XVIII Congreso., p. 157. Imprime Mariar, SA.
- JORDAN, R. (2012). *Autismo con Discapacidad Intelectual Grave. Guía para padres y profesionales*. Ed. Autismo Ávila.
- JORDAN, R. E POWELL, S. (1994). Whose curriculum? Critical notes on integration and entitlement. *European Journal of Special Needs Education*, 9 (1): 27-39.
- MAREMAGNUM. Publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo. Edita Autismo Galicia. Disponibles 21 números en Internet, desde 1997. www.autismogalicia.org
- MESIBOV, G., SCHOPPLER, E. e HEARSEY (1994). *Structured Teaching. Behavioral Issues in Autism*. Nueva York (Os Estados Unidos).
- PEETERS, T. (2008). *Autismo: de la comprensión técnica a la intervención educativa*. Ed.: Autismo Ávila.
- RIVIÈRE, A. (1998). *El tratamiento del autismo como trastorno del desarrollo: principios generales. Tratamiento del autismo. Nuevas perspectivas*. Madrid: Instituto de Migraciones y Servicios Sociales, pp. 23-60.
- SCHALOCK, R. L. E VERDUGO, M. A. (2003). *Calidad de vida: manual para profesionales de la educación, salud y servicios sociales*. Madrid. Alianza.

- SCHALOCK, R. L. E VERDUGO, M. A. (2007). El concepto de calidad de vida en los servicios y apoyos para personas con discapacidad intelectual. *Siglo Cero*, 224 (38), pp. 21-36.
- SCHEFFER, B. (1986). Lenguaje de signos y lenguaje oral para niños minusválidos en M. Monfort (Ed.) *Investigación y Logopedia* (pp. 271-286). CEPE: Madrid.
- SCHEFFER, B., MUSIL, A. E KOLLINZAS, G. (1980). *Total Communication Champaign* (II). Research Press.
- SIMARRO VÁZQUEZ, L. (2013). *Calidad de vida y educación en personas con autismo*. Madrid. Síntesis.
- S. P. C. Símbolos Pictográficos para la Comunicación (no vocal). Ministerio de Educación y Ciencia.
- STANTON, M. (2002). *Convivir con el autismo: una orientación para padres y educadores*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- TAMARIT, J. (1989). Uso y abuso de los sistemas alternativos de comunicación. *Comunicación, Lenguaje y Educación* 1, 81-94.
- VILOCA NOVELLAS, LL. (2007). *El niño autista, detección, evolución y tratamiento*. Ediciones CEAC.
- VON TETZCHNER, S. T. E MARTINSEN, H. *Introducción a la Enseñanza de Signos y al uso de ayudas técnicas para la comunicación*. Ed. Aprendizaje Visor.

MODELO EDUCATIVO ASPANAES*

Ana M.^a Martínez Díez¹, Ana Otero Carreiras², Alberto J. Silva López³
e M.^a Teresa Tremo Marsal⁴

RESUMO

O sistema educativo de Aspanaes está baseado nunha concepción participativa da actividade escolar e é o mecanismo idóneo para atender adecuadamente os dereitos e liberdades do profesorado, o alumnado e as súas familias. Un ensino especializado e específico, enmarcado nos Obxectivos estratéxicos para a educación e formación 2020-Estratexia europea de «Mellorar a calidade e a eficacia na formación» e «Promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa», para que o noso alumnado con necesidades educativas especiais poida fomentar o seu desenvolvemento persoal cun marco educativo flexible e permeable como sistema de aprendizaxe, xa que é personalizado, e onde a intervención en idades temperás é fundamental.

Este modelo educativo e formativo é inclusivo, aberto e de calidade, grazas aos recursos comunitarios e contornas naturais que participan conxuntamente con outros centros e entidades.

- 1 A autora é licenciada en Psicoloxía e Psicopedagogía. Psicóloga no Colexio de Educación Especial de Aspanaes e no Servizo de Valoración, Orientación e Diagnóstico na Coruña.
 - 2 A autora é licenciada en Psicopedagogía. Responsable de Calidade en Aspanaes e psicopedagoga no Servizo de Valoración, Orientación e Diagnóstico.
 - 3 O autor é director do Colexio de Educación Especial Duques de Lugo de Santiago de Compostela. Mestre habilitado para Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
 - 4 A autora é licenciada en Ciencias Biolóxicas e posgraou en Dirección de Centros de Servizos Sociais. Directora xerente de Aspanaes.
- * Aspanaes é unha entidade non lucrativa de acción social, das persoas con autismo e das súas familias, para mellorar a súa calidade de vida, con 40 anos de actividade sensibilizando e mobilizando a sociedade para achegala á pluralidade, e dedicando esforzos e competencias para poñer en valor a inclusión social, a transparencia e o bo goberno. Primeira entidade galega acreditada pola Fundación Lealtad. Contas auditadas por unha auditoría externa e todos os contan con certificado de calidade (Norma-ISO 9001:2015).

Educación para o alumnado con trastorno do espectro do autismo

O autismo é unha alteración da cognición social. A persoa con autismo ten alteracións nos primeiros anos do seu desenvolvemento na motivación e orientación social, recoñecemento de emocións, empatía emocional, interpretación dos estados mentais e percepción social (contexto social). Se estas alteracións non se traballan desde idades moi temperás van repercutir en dificultades na teoría da mente, función executiva ou a coherencia central, é dicir, na conduta social e adaptativa propia da persoa con trastorno do espectro do autismo (en diante, TEA).

Cada persoa con autismo é diferente, xa que no autismo interveñen múltiples variables, tales como a idade, a capacidade intelectual, a capacidade de linguaxe, as alteracións xenéticas..., ao que hai que sumar o impacto doutras alteracións que poden acompañar o autismo (trastorno mental, ansiedade, depresión, TDAH...). Por iso hai que ter en conta que o autismo é un trastorno diverso e complexo, e que existen tantas diferenzas como persoas con autismo. Para Jim Sinclair, fundador de Autism network international:

O noso valor diferencial é proporcionar programas e servizos adecuados a cada etapa vital da persoa con autismo e facilitarlles aos seus familiares unha rede de apoio especializada.

Aspanaes créase a finais do ano 1979 na Coruña. Xorde dun grupo de familias para lles dar resposta aos seus fillos e fillas, para proporcionar unha atención educativa especializada que non recibían en centros educativos regulares. Desde o ano 1979, son moitos os programas e servizos que se desenvolveron para que cada persoa con TEA que está na asociación teña un plan individualizado que potencie ao máximo as súas capacidades e se adapte ao seu ritmo de aprendizaxe e á estabilidade da súa contorna. Un total de 553 persoas foron atendidas durante este ano 2018 por Aspanaes nos seguintes servizos: Servizo de Diagnóstico, Valoración e Orientación; Unidades de Atención Temperá TEA (9): na Coruña e Santiago de Compostela, de 0 a 6 anos; Unidades de Deseño de Estratexias Psicoeducativas (4): na Coruña e Santiago de Compostela, dos 6 ata os 16 anos e apoio ás súas familias; Programa de Coordinación Educativa: coordinación con centros ordinarios da rede educativa onde se atopen escolarizados o alumnado con TEA; colexios concertados de educación especial (4): na Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e As Pontes, con escolarización total e/ou combinada en colexios ordinarios; Servizos de Atención Diúrna (3): contratados, coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, en Culleredo, Santiago de Compostela e Ferrol, atendendo as necesidades básicas, terapéuticas e sociais das persoas adultas con TEA; Servizos de Atención Residencial (3): contratados, coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, en Ferrol e As Pontes, promovendo acollemento, convivencia temporal e/ou permanente, e acceso a un fogar con vida independente, fóra do núcleo familiar, ás persoas adultas con TEA; Servizo de Adestramento en Habilidades Persoais e Sociais, para as persoas con TEA maiores de 16 anos; Servizo de Formación Pre-laboral; Servizo de Lecer e Tempo Libre; Servizo de Formación e Servizo de Voluntariado. Aspanaes conta con 193 traballadores e traballadoras, coa misión de promover oportunidades e facilitar apoios específicos e especializados para que as persoas con TEA e as súas familias desenvolvan os seus proxectos de vida. www.aspanaes.org

Ter autismo non significa non ser humano senón ser diferente. Significa que o que é normal para outras persoas non é normal para min e que o que é normal para min non é normal para outras persoas. En certo xeito, estou moi mal preparado para sobrevivir neste mundo, coma se fose un extraterrestre extraviado e sen un mapa para orientarme, pero a miña personalidade está intacta. A miña individualidade non sufriu danos. A vida ten para min valor e sentido, e non teño ningún desexo de que me curen de min mesmo. Concédeme a dignidade de coñecerme no meu propio terreo. Recoñece que somos igual de estraños o un para o outro e que a miña forma de ser non é simplemente unha versión deteriorada da túa. Cuestiona as túas suposicións. Define as túas condicións. Colabora comigo para tender pontes entre nós.

A persoa con TEA ten unha forma moi diferente de procesar a información e, polo tanto, de entender o que pasa ao seu arredor e así dar unha resposta adaptada ás distintas situacións. As súas funcións cognitivas funcionan de forma diferente ás das persoas que non teñen TEA. Teñen un perfil cognitivo complexo, caracterizado por ter dificultades na percepción social (teoría da mente e recoñecemento afectivo), na función executiva (flexibilidade e planificación), na atención e a memoria (espacial, verbal para caras, episódica e de fontes), na comunicación (pragmática e prosodia semántica) e na área sensoriomotriz (alteracións na motricidade fina e grosa e un perfil sensorial atípico). Así mesmo, teñen preservada a capacidade visoespacial e a memoria asociativa. É preciso coñecer o perfil cognitivo e sensorial de cada persoa con TEA para dar unha resposta educativa adecuada á súa forma de ser e de pensar. No documento de AETAPI sobre a proposta para a planificación de servizos e de programas para a persoa con TEA e as súas familias recóllese que:

A especificidade das necesidades da persoa con TEA esixe o uso e a implementación daqueles programas educativos e de intervención por parte de todos os axentes de desenvolvemento que parten do coñecemento da propia persoa e que inciden directamente sobre as alteracións nucleares dos TEA (comunicación, competencias sociais e mentalistas, flexibilidade e a conduta).


Na Estratexia española do trastorno do espectro do autismo aprobada no Consello de Ministros do 6 de novembro de 2015, recóllense como factores que van ter unha influencia importante no desenvolvemento da persoa con TEA e na súa calidade de vida os seguintes ítems:

- Acceder a un diagnóstico precoz e a unha atención temperá especializada.
- Gozar de recursos educativos e comunitarios adecuados ás súas necesidades individuais.
- Dispoñer dunha ampla rede de apoio social que fomente a participación e a inclusión.

O modelo educativo de Aspanaes fundáméntase nestes factores e céntrase en dar resposta ás necesidades globais e específicas que presenta a persoa con TEA desde as idades máis temperás, dando unha atención o máis individualizada e especializada posible.

O sistema educativo de Aspanaes oríéntase a conseguir os seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade e capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e a non discriminación das persoas con TEA.



- O desenvolvemento das capacidades do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe.
- A consideración e implicación da familia e a súa contorna como parte activa de todos os procesos de apoio que require e nos que participa a persoa con TEA.

Aspanaes, creada en 1979, propúxose como un dos seus primeiros servizos a creación de centros educativos para persoas con TEA na Coruña, de referencia para outros profesionais da educación que puidesen formarse nas boas prácticas de intervención educativa co alumnado con TEA. Así, ademais de prestarlle servizos a este alumnado, pretendemos ser centros de recursos e formación.

Aspanaes conta con catro **centros educativos específicos**, onde se escolarizan persoas con importantes necesidades nas áreas da comunicación social, comportamento e intereses e alteracións sensoriais, no ámbito intelectual e adaptativo. Ofrecemos unha educación individualizada, partindo sempre dunha completa avaliación inicial das necesidades e capacidades do alumnado, seguindo os principios de especialización e inclusión.

Desde os nosos centros promóvese a aprendizaxe de habilidades cara a modelos inclusivos no ámbito escolar e social.

Ademais dos centros educativos, Aspanaes conta con outros servizos:

- **Servizo de Coordinación Educativa:** Ofrece asesoramento a centros educativos que contan con persoas con TEA nos seus centros e precisen orientacións e boas prácticas de intervención.
- **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SPAP):** Conta con unidades de atención temperá ata os 6 anos de idade, unidades de estratexias psicoeducativas de 6 a 12 anos, así como unidades de habilidades psicosociais para maiores de 12 anos.

As persoas beneficiarias deste servizo acoden a un centro ordinario de educación e, fóra do seu horario escolar, reciben atención especializada e individualizada en Aspanaes, onde se intervéñ de forma específica e con diversos especialistas nas dificultades que presenta esa persoa, apoiándose nas súas habilidades e capacidades. Neste servizo ofrécese, ademais, formación ás familias, así como formación e apoio aos profesionais de centros ordinarios que traballan e se relacionan con estas persoas.

Entre as características dos servizos educativos atópanse as seguintes:


1. Os servizos contan con persoal estable con ampla experiencia e formación continuada en TEA.
2. Os centros de Aspanaes están organizados e adaptados ás necesidades das persoas con TEA tanto no ámbito de espazos (sinalizados e accesibles, é dicir, con accesibilidade cognitiva), coma na estruturación dos tempos (horarios personalizados).
3. Promóvese o desenvolvemento de cada persoa para lograr a súa maior capacitación persoal e social, polo que desde cada centro e servizo sempre se vai buscar que o noso alumnado logre habilidades que lle axuden a unha maior inclusión. Nos centros de educación especial contamos cada vez con máis persoas escolarizadas en modalidades combinadas con centros ordinarios. Nos nosos servizos ofrécense apoios orientados á inclusión e participación na comunidade.
4. En todos os servizos se seguen prácticas educativas recoñecidas e baseadas na evidencia.
5. Cada persoa usuaria conta cun programa individualizado adaptado ás súas capacidades e necesidades de apoio, e avalíase en función da súa evolución.
6. Estreita relación coa familia. Modelos centrados na familia. O que impactemos na familia terá máis impacto no desenvolvemento do menor.

Os obxectivos educativos que se formulan en Aspanaes buscan en todo momento resultados persoais para o alumnado. Para iso, é necesario pensar a educación cunha perspectiva de futuro, non mirando unicamente o propio curso escolar, senón as necesidades que esa persoa vai ter ao longo da súa vida, así como apoiar e favorecer as súas capacidades e habilidades en todo momento.

Os obxectivos educativos buscan a mellora da calidade de vida dos nenos e nenas, polo que se traballa tanto o currículo explícito coma o implícito e, en moitas ocasións, realízanse actividades que poden saír das típicas consideradas do currículo ordinario, aínda que poidan incluírse nel sen dificultade, sendo máis creativo e interpretando cales son as verdadeiras necesidades de cada un dos nosos alumnos e/ou alumnas, e cales son os obxectivos reais que necesita adquirir para poder desenvolverse en sociedade e participar na comunidade na que vive. Os novos paradigmas de intervención e de educación para as persoas con TEA baséanse no modelo de calidade de vida (Schalock e Verdugo, 2003) e, polo tanto, inciden no benestar emocional do alumnado, a súa participación e inclusión na sociedade, na que contan con

relacións significativas e implicación, así como na contribución da persoa con TEA na contorna no que se desenvolven.

É por isto que en Aspanaes se dá moita importancia á persoa con TEA, ás súas características, intereses, capacidades, necesidades etc., pero tendo sempre en conta que é unha persoa que se relaciona en diversos ámbitos e con diferentes persoas. Por esta razón, non podemos contar exclusivamente coa persoa e as súas características, senón que resulta moi importante ter en conta a súa familia, a súa casa, o seu colexio, o seu grupo de iguais, os lugares aos que acode e as relacións sociais que mantén durante o seu día a día, como se explica no cadro seguinte.



As áreas que se traballan nos diferentes servizos educativos de Aspanaes baséanse nas dimensións do modelo de calidade de vida. Así vemos que calquera obxectivo que se formula nun programa individual está referenciado a algunha das oito dimensións identificadas por Schalock e Verdugo:

- Benestar físico: reflíctense obxectivos relacionados con saúde, deporte...
- Benestar material: trátase de alcanzar obxectivos relacionados coas pertenzas do alumnado, a seguridade e adecuación dos materiais...

- Benestar emocional: todo aquilo que teña que ver coa felicidade, apoio psicolóxico, programas de apoio condutual positivo...
- Desenvolvemento persoal: relacionado coa educación e a parte curricular desta. Inclúense obxectivos relativos ás aprendizaxes de habilidades da vida diaria, a cognición, habilidades de comunicación, contidos curriculares...
- Autodeterminación: a súa finalidade é a capacidade de planificación sobre a propia vida, a toma de decisións, eleccións...
- Inclusión social: inclúese todo o relacionado coa participación na comunidade.
- Relacións interpersoais: é unha parte fundamental na vida de calquera persoa e unha das áreas onde a persoa con TEA mostra maiores dificultades, por iso nesta dimensión se traballan temas como as habilidades sociais e a amizade, relacións con outras persoas...
- Dereito: é necesario traballar tanto para a aprendizaxe dos dereitos da persoa coma para a defensa destes. É fundamental coa persoa con TEA ensinarlle a que poida dicir que **non** como medio de defensa ante posibles abusos.

En Aspanaes establécese un programa individual para cada persoa, partindo da súa avaliación inicial e das necesidades, intereses, capacidades e adaptacións que necesite. Ademais dos obxectivos curriculares que se traballan, como se indicou anteriormente, contamos con programas específicos de intervención nos que se traballan aspectos fundamentais orientados a conseguir os resultados persoais que indicáramos. Deste xeito, a partir das dificultades que vivimos que tiñan os pais á hora de levalos ao médico e realizar revisións e seguimentos sanitarios ou probas específicas, vimos a necesidade de traballar o tema de saúde (desensibilizacións sistemáticas ante dificultades, ensino e aprendizaxe de diferentes probas e revisións...).

Os centros educativos de Aspanaes atenden persoas con necesidades educativas especiais que requiren modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisa da utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non poden facilitarse dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios.

A escolarización nos colexios da nosa entidade require a autorización correspondente á xefatura territorial e deberá contar co ditame de escolarización emitido polos servizos de orientación, co informe do Servizo de Inspección

Educativa e coa manifestación por escrito da vontade das nais, pais ou titores/as legais.

O alumnado de Aspanaes dispón de dúas modalidades de escolarización segundo o requiran as circunstancias –tanto individuais coma de recursos– para a súa atención no ámbito ordinario:

- Escolarización a tempo total.
- Escolarización combinada entre centro ordinario e centro específico.

Os días que asiste a cada centro adoitan vir referidos no ditame de escolarización e contan coa aprobación das familias.

Ao ser unha modalidade de escolarización diferente da ordinaria, esta estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte do departamento de orientación correspondente, que será trimestral en educación infantil e, cando menos, anual nos demais ensinos. Cando a partir desa revisión se conclúa que é necesario un cambio na modalidade de escolarización, este solicítase á xefatura territorial correspondente, quen resolverá, logo do acordo coas familias.

Protocolo: tratamento educativo do alumnado con TEA

Aspanaes colabora coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través de Autismo Galicia na elaboración dun «protocolo» que lle sirva como referente á comunidade educativa na detección, tramitación e intervención do alumnado con TEA .

O seu resultado é un documento que se publica a través dos medios da propia Consellería o 14 de marzo de 2016, e que está a ser moi positivo como referencia nos centros educativos, así como para moitos outros colectivos.

O protocolo parte dunha descrición do trastorno do espectro do autismo. Enmarca os distintos síntomas que poden alertarnos sobre un posible diagnóstico de TEA, tendo en conta o ámbito no que o individuo se atopa e relaciona (gardería/colexio, familiar...). Integra nesta primeira parte o proceder formal na intervención co alumno, abarcando desde as accións en centros educativos ata a intervención do propio equipo de orientación específica da provincia de referencia.


Aspanaes, desde os distintos servizos da súa entidade, presta atención e asesoramento especializado ás familias que buscan información e un rumbo coherente coa súa realidade para dar cobertura ás súas necesidades e forma parte da rede de formación para os centros de educación da provincia da Coruña,

achegándolle ferramentas ao profesorado e asesorándoo na detección, diagnóstico, formación e recomendación de medidas que se deben adoptar, así como poñendo en marcha servizos á disposición da propia persoa con TEA e da súa familia.

A segunda parte deste protocolo aborda a intervención, diferenciando entre os diferentes axentes implicados no proceso de ensino-aprendizaxe e o papel que cada un ha de facer para asegurar unha adecuada escolarización, partindo do alumnado, profesorado e familia. Céntrase nos recursos, desde os máis inmediatos, como a aula, ata outros máis específicos, como é o caso da participación de entidades sen ánimo de lucro relacionadas co TEA.

Finaliza este bloque cunha revisión de como se debería de avaliar o alumnado con TEA e como realizar o correspondente seguimento a curto, medio ou longo prazo.

O documento inclúe un glosario e anexos onde se dá conta da terminoloxía utilizada no campo da atención á persoa con TEA, así como a bibliografía máis recomendable, engadindo nas anexos probas de screening e diagnósticas. Esta información solicítase moitas veces desde os centros ordinarios e fai que a intervención especializada, como a que ofrece Aspanaes, poida ser máis temperá e, polo tanto, moito máis eficaz. Conclúe cun esquema que resume o procedemento de actuación ante un posible caso de TEA que, pola súa simplicidade e claridade, ilustramos na páxina seguinte:



Máis información sobre o protocolo en:
www.edu.xunta.gal/portal/node/18477

Visión de futuro

O sistema educativo actual non ofrece respostas adecuadas para todas as persoas con necesidades educativas especiais, as cales, pola homoxeneidade das competencias e procesos, non continúan o itinerario dun ensino regrado en educación secundaria obrigatoria (ESO) e formación profesional básica e/ou adaptada (FP).

A taxa de abandono escolar temperán no ano 2016 en España era do 19 % en mozos entre 18 e 24 anos, que abandonaron o sistema educativo logo de completar como moito o primeiro ciclo da ESO (dato do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte). En persoas con discapacidade alcanza o 53,8 %, impacto social negativo que desencadea o incremento da taxa de desemprego e o aumento da poboación en risco de pobreza e exclusión.

Segundo o estudo *Report from the Adult Psychiatric Morbidity Survey - 2007*, entre as persoas adultas con TEA, o 2,1 % presenta baixa cualificación profesional e só o 0,2 % ten algunha titulación. Outros estudos levados a cabo no noso continente revelan que entre o 76 % e o 90 % da persoas adultas con autismo non ten emprego ao chegar á vida adulta, enfrontándose a unha taxa de desemprego xeneralizada e a pouco ou ningún apoio para a súa inclusión no mercado laboral (Autismo Europa, 2014).

Na Estratexia europea 2020, o Estado español pretende reducir o abandono escolar a unha cifra de 15 %, 5 puntos por encima da media da Unión Europea (10 %).

Os modelos de formación profesional dual e os programas de capacitación profesional por medio de competencias profesionais contribúen a descender a porcentaxe de abandono tamén nas persoas con TEA.

A Administración educativa e entidades especializadas temos a obrigaón de lles ofrecer ás persoas con TEA igualdade de dereitos e oportunidades nun sistema educativo normalizado para se desenvolveren e alcanzaren as metas que se propoñan e que sexan os auténticos protagonistas da súa historia e desenvolvemento persoal.

FILLOS DO MAR

Ledicia Costas

Escritora

Vilaperdida, 14 de novembro de 1985

Querido Xan:

Aínda que a imaxe de min mesma que proxecta o espello fala dunha muller que é filla doutro tempo, os días das saias plisadas e dos patacóns non parecen tan afastados. Contemplo con pena as engurras, sucos de anos que me rompen a pel e o pensamento. Recordo que unha vez fun tan pequena que os mendicantes que choraban na porta do cine París intentaban comerme con eses ollos dos xigantes dos contos. E pouco despois viñeches ti e os anos felices. Creemos en Vilaperdida, escoitando falar de republicanos e fascistas, pero todo parecía estar sucedendo noutro mundo distinto; a infinillómetros de nós.

Á tardiña, despois da radionovela das catro, aparecías cos petos cheos de historias para abrigarme ao pé da fiestra na que o meu pai remendaba solas de zapatos coa agulla. Falabas entusiasmado das terras que había ao outro lado do océano. Querías levarme a América da man, ensinarme cidades cheas de cores e linguas raras. En Vilaperdida todos os homes contaban relatos do Gran Sol, e ti contaxiábaste desas palabras á velocidade do verán. Nunca pensara que chegaría a ser unha das mulleres que enchían panos de bágoas á beira do peirao, mirando fuxir no barco os mariñeiros e, correndo tras deles, un anaco de si mesmas.

Bicáchesme por primeira vez o día da Festa das Flores subidos na nora dos estranxeiros. A partir de entón aprendín a licuarme coas túas verbas de mar e a escaparme contigo todas as noites longas de xullo. Vilaperdida era máxica para nós. Xogabamos a querernos baixo as miradas da xente, ao son dos músicos ambulantes e do chifre dos afiadores.

Foi en outubro do 42 cando me dixeches que ías embarcar. Estabamos sentados no banco de detrás da igrexa, baixo un ceo anubrado de cinsa que só podía traer malas noticias. Eu non quería ser a muller dun mariñeiro, pero ti desapareciches no *Silencio I* con palabras pálidas e tristes como a realidade de novembro que me perforaba os beizos. Eses meses que estiveches no Atlántico fundinme con Vilaperdida. Pateei as rúas da zona vella cos ollos escachados e o corazón vivo de tanto pensar en ti. Foi por aquelas datas cando Nené, o fillo da señora Clara, marchou cos monicrequeiros.

Aprendín a traballar o congro nos secadoiros e a vivir agardándote co cheiro a peixe tatuado nas mans. Quíxente desde lonxe, visitando os lugares sagrados dos amantes e tirando aloumiños de pedra do recordo. E mentres, a miña barriga medraba tanto como as ganas de dicirche que iamos ter un fillo. Volveron os días grandes de xullo e con eles a chegada do *Silencio I*. Eramos demasiadas as mulleres que agardabamos no peirao. E atracou o barco e con el os mariñeiros. Baixaron a plataforma cos ollos cansos e a pel queimada. O Paco, Antonino, Miguel, o fillo da señora Elisa. Foi el quen se achegou a min e negou coa cabeza. Non era a primeira vez que eu escoitaba a palabra tuberculose.

Chorei escamas vivas polos ollos durante meses ata que naceu o noso fillo e eu, consumida na xeografía da dor, crieino sen ti.

Pasaron tantos anos de todo aquilo. Nalgún momento da miña vida que non sabería situar con exactitude coñecín a Rouco, un fillo de emigrantes. Aprendeu a querer o neno e a remendar zapatos co meu pai. Creo que casei con el porque me recordaba a ti. El tamén me falaba de América e do Río da Prata. As camelias nunca volveron ter o mesmo arrecendo e, agora que os anos me pesan tanto como os edificios que poboan Vilaperdida, sei que o amor da Festa das Flores nunca se me borrará da memoria.

O QUE VIN

María Reimóndez¹

Tradutora, intérprete e escritora

Non me gustan os cambios. Gústame que as cousas permanezan como están. Que se repitan. Eu son así. Outra xente é doutra maneira. A miúdo eu non entendo esa xente nin esa xente me entende a min. Mais eu son así e non sei ser doutro xeito.

Non me gustan os cambios. Gústame que as cousas permanezan como están. Por exemplo, gústame os luns comer sempre ervellos e xamón. Os martes, rapantes e patacas. Os mércores, guiso pero sen que os ingredientes se toquen. Os xoves, lentellas que sexan só lentellas. Os venres, pescada cocida e maionesa noutro prato. Os sábados, pasta coa salsa separada e os domingos, pizza que só leve queixo por riba. Pola mañá, cereais de arroz inchado con leite e Cola-Cao. Pola noite, un ovo cocido os días pares e un bocadillo de xamón cocido os impares. A froita non me gusta porque ten cores rechamantes e for-

1. A autora, tradutora e intérprete publica o seu primeiro libro *Moda Galega* (Ed. Positivas, 2002). No 2013 regresou á poesía coa publicación de tres poemarios en 2003: *Presente continuo* (Xerais, 2013), *Moda Galega Reloaded* (Ed. Positivas, 2013) e *Kleinigkeiten/cousiñas* (Fabulatorio, 2013). No ano 2017 recibiu o Premio Johan Carballeira de poesía por *Galicia en bus* (Xerais, 2018). En 2017 unha selección de *Presente continuo* foi traducida ao támil co título *Kallin Kadungkopam* pola poeta Thamizachi Tangapadian. Premio Mulleres Progresistas de Vigo con *Caderno de Bitácora* (Ed. Positivas, 2004). Finalista do Premio Xerais co *Club de calceta* (Xerais, 2006), que foi galardoada co Premio San Clemente e traducida ao italiano e ao castelán. Adaptada o teatro por Teatro do Morcego e ao cine por Ficción Producciones. Publicou as novelas *Pirata* (Xerais, 2009) e *En vías de extinción* (Xerais, 2012).

